

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

ORDE do 7 de febreiro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria das subvencións para o financiamento das accións formativas con compromiso de contratación en unidades formativas das empresas e dos incentivos á contratación (códigos de procedemento TR301P e TR349X).

Os apartados 1 e 2 do artigo 29 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado mediante a Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, atribúe á Comunidade Autónoma galega a execución da lexislación do Estado en materia laboral e de fondos de ámbito nacional e de emprego.

Conforme a disposición transitoria segunda do Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, e o Decreto 175/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, esta é o órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal corresponde o exercicio das competencias e funcións, entre outras, de proposta e execución das directrices xerais do Goberno no ámbito laboral, o que engloba as competencias en materia de políticas activas de emprego e política laboral, así como promoción laboral, de conformidade co Estatuto de autonomía e coa Constitución.

A Lei 30/2015, do 9 de setembro, pola que se regula o sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral, regula a planificación e o financiamento do sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral, a programación e execución das accións formativas, o control, o seguimento e o réxime sancionador, así como o sistema de información, a avaliación, a calidade e a gobernanza do sistema.

Entre as iniciativas de formación para o emprego que regula a antedita lei, considérase a oferta formativa das administracións competentes para persoas traballadoras desempregadas, que inclúe os programas formativos con compromiso de contratación.

Na súa disposición transitoria primeira establece que, mentres non se desenvolvan regulamentariamente as iniciativas de formación profesional, se manterán vixentes as previstas no Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, e na súa normativa de desenvolvemento, agás as previsións recollidas na dita disposición.



Na Axenda da competitividade Galicia Industria 4.0, aprobada polo Consello da Xunta de Galicia o 13 de maio de 2015, considérase a formación das persoas como un dos compoñentes necesarios do programa de reforzo das persoas e das organizacións, así como a necesidade de que o sistema formativo se oriente ás necesidades da industria, de maneira que cómpre que se impartan accións formativas vinculadas con certificados de profesionalidade vinculados coa Industria 4.0.

No informe sobre a Axenda 20 para o Emprego, que se abordou no Consello da Goberno da Xunta de Galicia do 3 de marzo de 2016, incluíuse, dentro do reto 2 (Formación e capacitación como pancas de cambio) a medida de «Impulsar a creación de unidades de formación na empresa para impulsar dentro do tecido empresarial a especialización e capacitación con compromiso de contratación».

A tales obxectivos e, nomeadamente, á implantación das medidas previstas na Axenda 20 para o Emprego, responde a creación de unidades de formación nas empresas mediante, por unha banda, a formación con compromiso de contratación e, por outra, os incentivos á inserción laboral das persoas traballadoras desempregadas que se forman nas ditas unidades.

Trátase de xuntar a necesidade da empresa de contar con persoas traballadoras cualificadas e adaptadas ás súas formas de produción coa procura activa de emprego por parte das persoas traballadoras desempregadas. A empresa, por un lado, pode atender as súas necesidades máis inmediatas, determinadas pola ampliación da súa actividade ou a apertura de novas liñas de negocio, cubrindo esa ausencia de persoal co desempeño dun posto de traballo na empresa. Deste xeito, existe unha grande vinculación entre a formación e o emprego.

Pola súa vez, o Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, aprobado polo Parlamento galego o 11 de maio de 2016, fixa como eixe 1, a «Empregabilidade e crecemento intelixente», que recolle un modelo integral de desenvolvemento coa finalidade de superar a situación laboral previa á crise e a creación de postos de traballo sustentables. Dentro do dito eixe 1, considérase como prioridade de actuación o aumento da empregabilidade e produtividade das persoas traballadoras de Galicia a través da formación e innovación constante, que, pola súa vez, marca como un dos seus obxectivos estratéxicos ou prioritarios, o da mellora da calidade da formación profesional para o emprego e, como un dos eixes que agrupa os obxectivos estruturais, o da formación e o das oportunidades de emprego.



No caso do eixe da formación, recóllese, entre outros obxectivos estruturais:

2.1. Incrementar o esforzo formativo na formación profesional para o emprego: incrementar a taxa de cobertura, o número de horas de formación por alumno/a e facilitar a accesibilidade á formación de persoas desempregadas e ocupadas.

2.2. Promover un mellor axuste da formación profesional para o emprego ás necesidades do mercado de traballo: revisión e adecuación da formación profesional para o emprego establecendo unha oferta que teña en conta as peculiaridades do mercado laboral en eidos concretos.

2.3. Promover a formación acreditable oficialmente: adecuación da formación profesional para o emprego establecendo unha oferta con especial prioridade á formación conducente a certificados de profesionalidade.

2.4. Promover a formación en alternancia: promover a formación en alternancia co emprego e a experiencia laboral.

2.5. Avanzar e consolidar a avaliación e recoñecemento das competencias profesionais.

2.6. Promover unha oferta formativa dirixida especialmente aos colectivos con maiores dificultades de inserción no mercado laboral.

2.7. Mellorar os sistemas de seguimento e avaliación da calidade da formación profesional para o emprego.

Polo que atinxe ao eixe das oportunidades de emprego, os obxectivos estruturais que se recollen son:

3.1. Fomentar e soste a contratación de colectivos e sectores con dificultades para proporcionar traballo, experiencia e soste a actividade económica: fomentar a contratación de persoas desempregadas, en especial aquelas con maiores dificultades de inserción no mercado laboral. Proporcionar traballo ou experiencia profesional ás persoas desempregadas, en especial con maiores dificultades de inserción no mercado laboral.

3.2. Fomentar a contratación de persoas desempregadas en sectores emerxentes con perspectivas de crecemento de emprego.

3.3. Facer aflorar emprego en economía somerxida: fomentar as oportunidades de emprego para persoas que se encontran en situación de emprego non declarado.



3.4 Fomentar a inserción laboral de persoas desempregadas receptoras de prestacións por desemprego: fomentar a activación para o emprego das persoas beneficiarias de prestacións para axilizar a súa incorporación ao mercado de traballo antes do esgotamento das prestacións, evitando con iso a desprotección do desempregado.

A convocatoria pretende tamén atender prioritariamente as necesidades dos sectores estratéxicos e sectores emerxentes de Galicia definidos na Axenda de competitividade Galicia Industria 4.0, así como as especialidades vinculadas a familias profesionais con maior relación coa Industria 4.0, é dicir, 1) electricidade e electrónica, 2) fabricación mecánica, 3) instalación e mantemento e 4) transporte e mantemento de vehículos, que foron identificadas conxuntamente polo IGAPE e o Instituto Galego das Cualificacións.

O Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, ten en conta a formación da oferta, entendida como aquela que ten por obxecto facilitar ás persoas traballadoras, ocupadas e desempregadas, unha formación axustada ás necesidades do mercado de traballo que atenda aos requirimentos de competitividade das empresas e que, á vez, satisfaga as aspiracións de promoción profesional e desenvolvemento persoal das persoas traballadoras, capacitándoas para o desempeño cualificado das diferentes profesións e para o acceso ao emprego.

A Orde TAS/718/2008, do 7 de marzo, pola que se desenvolve o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, en materia de formación da oferta, modificada parcialmente pola Orde ESS/1727/2012, do 2 de agosto, establece as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento.

Entre as distintas modalidades de formación da oferta que regula a antedita orde están as accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas, cuxa execución se realizará mediante a convocatoria do órgano competente de cada Comunidade Autónoma conforme as bases que na orde se establecen.

O Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade, inclúe aspectos relativos á impartición e avaliación das ofertas de formación profesional para o emprego correspondentes aos novos certificados de profesionalidade.

A Orde ESS/1897/2013, do 10 de outubro, desenvolve o Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade, e os reais decretos polos que se establecen certificados de profesionalidade ditados na súa aplicación.



A Comunidade Autónoma de Galicia asume as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado en materia de formación profesional ocupacional mediante o Decreto 69/1993, do 10 de marzo.

A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establece no seu artigo 5.2. que a concesión de axudas e subvencións se axustará aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, aos cales se axusta esta disposición.

A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, regula os requisitos de concesión e xustificación das subvencións concedidas na Administración do Estado. Nesta lei recóllense artigos que teñen carácter básico, polo que son de aplicación á normativa nesta comunidade autónoma e, consecuentemente, a esta orde de convocatoria.

Esta axuda queda sometida ao réxime *de minimis*, nos termos establecidos no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis*.

As bases que rexen este programa establecen un procedemento de concesión que non ten a consideración de concorrencia competitiva, dado que, de acordo coa finalidade e obxecto do programa, non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, senón que a concesión da axuda se realiza pola comprobación da concorrencia na entidade solicitante dos requisitos establecidos ata o esgotamento do crédito orzamentario.

Finalmente, debe apuntarse que no articulado se inclúen unha serie de cambios na redacción con relación á convocatoria anterior, como consecuencia da entrada en vigor da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, nomeadamente, no que se refire á Administración electrónica, a adaptación do calendario de periodificación da presentación das solicitudes e os colectivos que terán preferencia á hora de seren seleccionados como participantes nas accións formativas (a prol das mulleres e persoas desempregadas de longa duración), así como modificacións de menor relevancia pero que aclaran certos aspectos vinculados co cómputo do número de persoas traballadoras das empresas solicitantes, as características dos planos e a duración dos módulos transversais relativos á igualdade.

Consecuentemente con todo o anterior, logo de consultar o Consello Galego de Formación Profesional e o Consello Galego de Relacións Laborais, no exercicio das facultades



que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto, finalidade e principios de xestión*

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras polas que se rexerá, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a convocatoria pública das subvencións para o financiamento das accións formativas para o emprego en unidades formativas nas empresas con compromiso de contratación e da actividade laboral asociada, dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas, a través dos seguintes programas:

a) Programa de financiamento de accións formativas con compromiso de contratación inmediata (TR301P).

b) Programa de incentivos á actividade laboral vinculada ás accións formativas con compromiso de contratación inmediata (TR349X).

2. As solicitudes, tramitación e concesión das subvencións axustaranse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro; no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017; no que resulte de aplicación, a Lei 38/2003, do 27 de novembro, xeral de subvencións, e o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, e ao disposto nesta orde.

3. A xestión destes programas realizarase de acordo cos seguintes principios:

a) Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.

b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.



c) Eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

4. É obxecto desta orde proceder á convocatoria para o ano 2017 dos seguintes programas:

- Programa de financiamento de accións formativas con compromiso de contratación inmediata (TR301P).

- Programa de incentivos á actividade laboral vinculada ás accións formativas con compromiso de contratación inmediata (TR349X).

5. Na anualidade 2018 poderase efectuar unha nova convocatoria de ambos os programas baixo as mesmas bases reguladoras.

Artigo 2. Orzamentos

1. A concesión das subvencións previstas no capítulo II desta orde queda sometida ao réxime de concorrencia competitiva, nos termos establecidos no artigo 19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 6.5.b) da Lei 30/2015, do 9 de setembro, pola que se regula o sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral, na modalidade de convocatoria aberta, regulada polo artigo 59 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado mediante Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

2. A concesión das subvencións previstas no capítulo III desta orde estará suxeita á existencia de crédito orzamentario. Se é o caso, e de acordo co disposto no artigo 31.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, publicarase mediante resolución da persoa titular da Secretaría Xeral de Emprego o esgotamento das partidas orzamentarias asignadas.

Se o orzamento asignado non é suficiente para proceder ao pagamento de todas as axudas solicitadas, aplicarase como criterio de prioridade a data de presentación. Para estes efectos terase en conta a data en que a correspondente solicitude se presentase. No caso de coincidencia na data de presentación entre dúas o máis solicitudes presentadas, a orde de prioridade virá determinada pola hora de presentación.

3. No exercicio económico 2017, as axudas recollidas no capítulo II desta orde de convocatoria financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 09.41.323A.471.0, código de proxecto 2013 00545 cun crédito de 1.200.000 euros para o ano 2017. As axudas recollidas



no capítulo III desta orde de convocatoria financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 09.40.322C.470.1, código de proxecto 2017 00020, cun crédito de 250.000 euros para o ano 2017.

A presente orde tramítase ao abeiro do disposto no artigo 1.1 da Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, na redacción dada pola Orde do 27 de novembro de 2000, modificada pola Orde do 25 de outubro de 2001, e a concesión das subvencións queda sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución.

O crédito excedente da convocatoria correspondente ao ano 2017 poderá incorporarse ao crédito asignado no ano 2018 á correspondente convocatoria.

Estas contías están recollidas no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.

Estes créditos poderán ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento do emprego, coas limitacións que estableza a Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais.

Poderá ampliarse a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria. O incremento de crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia dunha xeración, ampliación, incorporación de crédito ou da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

Artigo 3. *Definicións*

Para os efectos desta orde, entenderase:

a) Persoa desempregada: aquela que estea inscrita como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego no momento da súa contratación e que, pola súa vez, careza de ocupación segundo o informe de vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

b) Unidade formativa da empresa: a formación con compromiso de contratación impartida con medios propios da entidade beneficiaria, ou a través dunha entidade contratada nos termos desta orde, que teña por obxecto a impartición de unidades de formación solicitadas pola dita empresa beneficiaria e con relación á súa actividade empresarial no mar-



co do programa de financiamento de accións formativas con compromiso de contratación inmediata que se establece no capítulo II.

c) Alumnado formado: o conxunto do alumnado que asistise, cando menos, ao 75 % da duración total da acción formativa.

d) Alumnado liquidable: número de alumnos/as que resulte logo de aplicar a media do alumnado asistente no primeiro cuarto de duración temporal do curso, de acordo co disposto no artigo 42.2 da orde.

e) Custo salarial: o importe mensual que vai supoñer á empresa ter unha persoa traballadora contratada. Nel están incluídos única e exclusivamente o salario bruto e os custos sociais a cargo da empresa.

Artigo 4. *Entidades beneficiarias*

1. Poderán ser entidades beneficiarias as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, que empreguen cincuenta ou máis persoas traballadoras en centros de traballo radicados na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo cos requisitos e condicións que se establecen nesta orde.

Para acadar o mínimo de cincuenta persoas traballadoras, poderán ser beneficiarias as agrupacións temporais de empresas que presenten solicitude conxunta, mediante un convenio que acredite a correspondente agrupación. Neste caso, deberá facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se vai aplicar para cada un deles, que terán igualmente a consideración de persoas beneficiarias. En calquera caso, deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiaria, correspondan á agrupación. Cada empresa que forme parte desta agrupación temporal deberá reunir os requisitos exixidos para acceder ás axudas.

Non poderán ser beneficiarias as empresas ou agrupacións que reduciñen o número total de persoas traballadoras nin o número total de persoas traballadoras con contrato indefinido no período dos 12 meses inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude da subvención, salvo nos seguintes casos:

a) Que tivesen un expediente de regulación de emprego derivado de forza maior nese período.



b) Se non teñen a súa sede social en Galicia, que non reducisen o número total de persoas traballadoras nin o número total de persoas traballadoras con contrato indefinido no período dos 12 meses inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude do curso nos seus centros de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia.

c) Que a contratación comprometida por esta axuda supoña a recuperación do nivel de emprego dos 12 meses inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude da axuda e a contratación indefinida do 20 % do alumnado que inicie o curso.

d) Que a contratación comprometida por esta axuda supoña a recuperación do nivel de emprego dos 12 meses inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude da axuda e que o compromiso de contratación sexa superior ao 90 %.

2. Non poderán ser entidades beneficiarias destas axudas as administracións públicas, as sociedades públicas nin as entidades vinculadas ou dependentes de calquera delas, nin as entidades de formación.

3. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria das subvencións establecidas nesta orde as persoas ou entidades en que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

a) Ter sido condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

b) Ter solicitado a declaración de concurso, ter sido declaradas insolventes en calquera procedemento, acharse declarados en concurso, salvo que neste adquirise a eficacia un convenio, estar suxeitos a intervención xudicial ou ter sido inhabilitados conforme a Lei concursal sen que concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

c) Ter dado lugar, por causa de que fosen declaradas culpables, á resolución firme de calquera contrato suscrito coa Administración.

d) Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que exerzan a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.

e) Non estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos regulamentariamente establecidos.



f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

g) Non estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos regulamentariamente establecidos.

h) Ter sido sancionada mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou a Lei xeral tributaria.

i) Non poderán acceder á condición de entidade beneficiaria as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, cando concorra algunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.

j) En ningún caso poderán obter a condición de entidade beneficiaria as asociacións incursoas nas causas de prohibición previstas nos números 5 e 6 do artigo 4 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, nin as asociacións respecto das cales se suspendeu o procedemento administrativo de inscrición por atopárense indicios racionais de ilicitude penal, en aplicación do disposto no artigo 30.4 da Lei orgánica 1/2002, mentres non se dite resolución xudicial firme en cuxa virtude poida practicarse a inscrición no correspondente rexistro.

4. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria as persoas solicitantes que estean excluídas do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme o establecido nos artigos 46 e 46 bis do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.

5. A xustificación por parte das persoas ou entidades solicitantes de non estaren incursoas nas prohibicións contidas nos números 3 e 4 anteriores para obter a condición de entidade beneficiaria, así como do número de persoas traballadoras con que conte no momento de presentar a súa solicitude, realizarase mediante declaración responsable.

Artigo 5. *Competencia*

1. A competencia para coñecer e resolver as solicitudes de axudas presentadas ao abeiro do capítulo II desta orde de convocatoria, por delegación da persoa titular da Consellería de Economía, Emprego e Industria, corresponderá á persoa titular da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.



2. A competencia para coñecer e resolver as solicitudes de axudas presentadas ao abeiro do capítulo III desta orde, por delegación da persoa titular da Consellería de Economía, Emprego e Industria, corresponderá á persoa titular da Secretaría Xeral de Emprego.

Artigo 6. *Solicitudes e prazo*

1. De conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e no artigo 24.2 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, para o programa de financiamento de accións formativas con compromiso de contratación inmediata (procedemento TR301P), a presentación das solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través do formulario electrónico normalizado dispoñible na aplicación SIFO accesible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia no enderezo <https://sede.xunta.gal> ou no enderezo directo <https://emprego.xunta.es/sifo-solicitudes>, e para o programa de incentivos á actividade laboral vinculada ás accións formativas con compromiso de contratación inmediata (procedemento TR349X), as solicitudes deberán presentarse por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Para a presentación das solicitudes será necesario o documento nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia.

No caso deste último procedemento (TR349X), para a presentación das solicitudes poderán empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. A documentación complementaria en ambos os procedementos presentarase electronicamente, mediante a presentación do documento orixinal se se tratar dun documento dixital, ou da imaxe electrónica do documento orixinal se se tratar dun documento en papel. Neste último caso, a imaxe electrónica adaptarase ao previsto do Real decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema nacional de interoperabilidade no ámbito da Administración electrónica, e na Resolución do 19 de xullo de 2011, da Secretaría de Estado para a Función Pública, pola que se aproba a Norma técnica de interoperabilidade de dixitalización de documentos.

As imaxes electrónicas aplicarán os formatos establecidos para ficheiros de imaxe na Norma técnica de interoperabilidade do catálogo de estándares; o nivel de resolución míni-



mo para imaxes electrónicas será de 200 píxeles por pulgada, tanto para as imaxes obtidas en branco e negro, cor ou escala de grises; a imaxe electrónica será fiel ao documento orixe (respectará a xeometría do documento orixe en tamaños e proporcións, non conterá caracteres ou gráficos que non figurasen no documento de orixe e a súa xeración realizárase por un medio fotoeléctrico).

As imaxes electrónicas que presenten as entidades interesadas ao procedemento administrativo terán eficacia exclusivamente no ámbito da actividade das administracións públicas.

As imaxes electrónicas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante ou representante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e no artigo 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para estes efectos, a entidade interesada deberá conservar o documento orixinal por un prazo de 5 anos desde a presentación da imaxe electrónica.

No caso de que algún dos documentos que vai presentar a persoa solicitante de forma electrónica supere os tamaños límite establecidos pola sede electrónica, permitirase a presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos. Para iso, e xunto co documento que se presenta, a persoa interesada deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro. Na sede electrónica da Xunta de Galicia publicarase a relación de formatos, protocolos e tamaño máximo admitido da documentación complementaria para cada procedemento.

Na sede electrónica encóntranse publicados os formatos admitidos para a presentación de documentación. Se o solicitante desexa presentar calquera documentación en formatos non admitidos, poderá realizalo de forma presencial a través de calquera dos rexistros habilitados. A persoa interesada deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número do expediente e o número ou código único de rexistro.

3. Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.



4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

5. No suposto de que a solicitude non cumpra os requisitos sinalados na convocatoria ou a documentación presentada conteña erros ou sexa insuficiente, requirirase a persoa solicitante para que, nun prazo de 10 días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, se considerará desistida da súa solicitude, logo de resolución que así o declare.

6. O prazo para a presentación das solicitudes das axudas establecidas no capítulo II (programa de financiamento de accións formativas con compromiso de contratación inmediata - TR301P) virá determinado polo cronograma de procesos de selección que se establece no número 6 do artigo 20, de tal maneira que a data límite para a presentación de solicitudes en 2017 será o 31 de outubro.

No caso das axudas reguladas no capítulo III (programa de incentivos á actividade laboral vinculada ás accións formativas con compromiso de contratación inmediata - procedemento TR349X), o prazo de presentación de solicitudes será dun mes a partir da contratación laboral que se produza ao remate da acción formativa, respectando en todo caso o límite máximo de 15 de decembro de 2017. Se o último día de prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e, se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

Excepcionalmente, nos supostos en que a acción formativa remate o 15 de decembro de 2017, de acordo co previsto no artigo 26 desta orde de convocatoria, o prazo de presentación de solicitudes das axudas previstas no capítulo III, finalizará o 20 de decembro de 2017.

Artigo 7. *Consentimentos e autorizacións*

1. Para a tramitación dos procedementos a que se refire esta orde, consultarase automaticamente datos en poder das administracións públicas. Só no caso de oposición expresa as persoas interesadas deberán achegar os documentos acreditativos correspondentes. No suposto de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a súa presentación.

2. As solicitudes das persoas interesadas deberán achegar os documentos ou informacións previstos nesta orde, salvo que estes xa estean en poder da Administración xeral



e do sector público autonómico de Galicia; de acordo co establecido no artigo 53.1.d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirir á persoa solicitante ou representante a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

3. A presentación da solicitude de concesión de subvención pola persoa interesada ou representante comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Axencia Tributaria de Galicia, segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, a persoa solicitante ou representante poderá denegar expresamente o consentimento e neste caso debe presentar a certificación nos termos previstos regulamentariamente.

4. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Consellería publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, poidan impoñerse nos correspondentes rexistros públicos polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

Artigo 8. *Datos de carácter persoal*

1. De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes serán incluídas nun ficheiro denominado «Formación (servizo público de emprego)» cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Consellería de Economía, Emprego e Industria, Servizo Público de Emprego de Galicia. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Consellería de Economía, Emprego e Industria, Servizo Público de Emprego de Galicia,



mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Edificio Administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, A Coruña (España), ou a través dun correo electrónico a lopd.industria@xunta.gal.

2. De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación do capítulo III desta orde cuxo tratamento e publicación autorizan as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes serán incluídos nun ficheiro denominado «Relacións administrativas coa cidadanía e entidades», co obxecto de xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industria. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industria mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Consellería de Economía, Emprego e Industria, Secretaría Xeral Técnica, Edificio Administrativo San Caetano, 15781 Santiago de Compostela; ou a través dun correo electrónico a lopd.industria.@xunta.gal.

Artigo 9. *Resolución, notificación e recursos*

1. Logo da fiscalización pola Intervención delegada da Consellería de Economía, Emprego e Industria da proposta emitida polo correspondente servizo instrutor, a resolución ditaraa o órgano competente por delegación da persoa titular da Consellería de Economía, Emprego e Industria e será notificada á persoa interesada. As resolucións de concesión ou denegación serán sempre motivadas.

2. O prazo para resolver e notificar é de tres meses, que se computarán desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o devandito prazo sen que se dite resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude, de acordo co artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia - Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións ao dispositivo electrónico e/ou ao enderezo de correo



electrónico que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e a notificación por medios electrónicos entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico practicarán a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4. Logo de ser notificada a resolución definitiva polo órgano competente, as entidades interesadas propostas como beneficiarias disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación e transcorrido este sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

A aceptación da concesión da subvención, no marco desta orde, implica que a entidade interesada recoñece que conta con capacidade suficiente, en termos económicos, técnicos, de recursos humanos, materiais e organizativos, para asumir na súa totalidade a execución completa dos cursos que solicita, así como que se compromete a dispoñer deles ao longo de todo o período de execución da actividade subvencionable.

No suposto de que as entidades que sexan propostas como beneficiarias decidan renunciar á aceptación desta condición, estarán obrigadas a comunicar a súa renuncia no prazo dun mes, logo de recibiren a notificación da resolución definitiva. Nestes casos, poderán ditarse resolucións complementarias coa finalidade de designar outra entidade beneficiaria segundo a puntuación obtida.

5. As resolucións ditadas poñen fin á vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse, potestativamente recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto, no prazo dun mes desde a súa notificación, se o acto for expreso, ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, se o acto non for expreso, de conformidade co que preceptúan os artigos 122 a 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente, recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional competente, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.



Artigo 10. *Modificación da resolución de concesión*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e, eventualmente, á súa revogación.

Artigo 11. *Incompatibilidades e concorrencia*

1. As subvencións previstas no capítulo II desta orde son incompatibles coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para o financiamento das horas de formación procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, estatal, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

2. As axudas previstas no capítulo III desta orde para as contratacións son incompatibles con outras que, polos mesmos conceptos, poidan outorgar as administracións públicas como medida de fomento de emprego. Non obstante, serán compatibles, se é o caso, cos incentivos en forma de bonificacións á Seguridade Social.

3. Os incentivos establecidos nesta orde serán compatibles con calquera outra axuda para distinta finalidade da Unión Europea, doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados pero, sen que en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras poidan superar os límites establecidos pola Unión Europea e os que establece o artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 12. *Obrigas das entidades beneficiarias*

Son obrigas das entidades beneficiarias das axudas:

a) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará a Consellería de Economía, Emprego e Industria, así como a calquera outra actuación de control que poidan realizar os órganos competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o cal se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

b) Comunicar ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos polas persoas beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xusti-



ficación da aplicación dada aos fondos percibidos, tal e como establece o artigo 11.d) da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

c) Estar ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión e realizar a proposta de pagamento da subvención.

d) Dispoñer de libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, coa identificación en conta separada ou epígrafe específica da súa contabilidade de todos os ingresos e gastos de execución das accións formativas, coa referencia común en todos eles á formación para o emprego.

e) Manter un sistema de contabilidade separada ou unha codificación contable adecuada de todas as transaccións realizadas con cargo aos proxectos subvencionados ao abeiro desta orde de convocatoria, referidos a operacións da afectación da subvención á finalidade da súa concesión. Así, xunto coa documentación xustificativa, a entidade beneficiaria deberá achegar os documentos bancarios onde aparezan claramente identificados os ingresos da subvención percibida no sistema da entidade beneficiaria, agás o da liquidación final, que se remitirá no momento da súa recepción.

f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos por un prazo de 5 anos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

g) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

h) Aqueloutras obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 13. *Revogación e reintegro*

1. Procederá a revogación das subvencións e axudas, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de mora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de



Galicia, e nos termos do disposto especificamente para cada programa nos artigos 30, 57 e 64 desta orde.

2. As obrigas de reintegro establecidas nos capítulos desta orde entenderanse sen prexuízo do establecido no Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, que aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Artigo 14. *Devolución voluntaria da subvención*

De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as entidades beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta ES82 2080 0300 8731 1006 3172, en concepto de devolución voluntaria da subvención.

En todo caso, a entidade beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada en que conste a data do ingreso, o seu importe e o número do expediente e denominación da subvención concedida.

Artigo 15. *Seguimento e control*

1. Sen prexuízo das facultades que teñen atribuídas outros órganos da Administración de Estado ou da Comunidade Autónoma, a Consellería de Economía, Emprego e Industria levará a cabo funcións de control, así como de avaliación e seguimento dos programas.

2. A Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral para as subvencións de programas formativos establecidas no capítulo II e a Secretaría Xeral de Emprego, para os incentivos establecidos no capítulo III, poderán comprobar en todo momento a aplicación das subvencións concedidas aos fins programados. Para estes efectos, as persoas beneficiarias deberán cumprir as obrigas que se establezan nesta orde e nas resolucións de concesión.

3. Para realizar estas funcións poderanse utilizar cantos medios estean ao dispor da Consellería de Economía, Emprego e Industria para comprobar o cumprimento dos requisitos exixidos nesta orde e demais normas vixentes que resulten de aplicación.

Artigo 16. *Publicidade das subvencións*

1. De acordo co establecido no artigo 14, letra ñ), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as entidades beneficiarias quedan informadas da existencia do REXIS-



tro Público de Subvencións e dos aspectos previstos no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

2. Así mesmo, e tal como se recolle no artigo 15.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, os órganos administrativos concedentes procederán a publicar no *Diario Oficial de Galicia* as subvencións concedidas, indicando a convocatoria, o programa e crédito orzamentario a que se imputan, a persoa beneficiaria, a cantidade concedida e a finalidade ou as finalidades da subvención.

3. Igualmente, publicaranse na páxina web oficial nos termos previstos no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e da súa publicación na citada páxina web.

4. As persoas beneficiarias das axudas concedidas incluíranse no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios e mais no de Sancións, creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2006.

Artigo 17. *Réxime de axudas*

1. As axudas establecidas no capítulo III desta orde quedan sometidas ao réxime *de minimis* nos termos establecidos no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE L352, do 24 de decembro). Esta circunstancia farase constar expresamente na resolución de concesión da subvención. Polo tanto, a axuda total *de minimis* concedida a unha empresa non será superior a 200.000 euros durante o período dos dous exercicios fiscais anteriores e o exercicio fiscal actual da empresa solicitante, ou a 100.000 euros no suposto dunha axuda concedida a unha empresa que opere no sector do transporte por estrada. Para o cómputo dos límites deste réxime de axudas terase en conta o concepto de «única empresa» establecido no artigo 2 do Regulamento (UE) 1487/2013 da Comisión, do 18 de decembro.

2. Por tratarse de axudas sometidas ao réxime de axudas *de minimis*, quedarán excluídas:

a) Empresas dos sectores de pesca e acuicultura, segundo se establece no Regulamento (CE) nº 1379/2013 do Consello.



b) Empresas dedicadas á produción primaria dos produtos agrícolas que figuran na lista do anexo I do tratado.

c) Empresas que operan no sector da transformación e comercialización de produtos agrícolas, nos casos seguintes:

i. Cando o importe da axuda se determine en función do prezo ou da cantidade de produtos deste tipo adquiridos a produtores primarios ou comercializados polas empresas interesadas.

ii. Cando a axuda estea supeditada a que unha parte ou a totalidade dela se repercuta nos produtores primarios.

d) As axudas ás actividades relacionadas coa exportación a países terceiros ou estados membros cando a axuda estea vinculada directamente ás cantidades exportadas, á creación e funcionamento dunha rede de distribución ou a outros gastos de explotación vinculados á actividade de exportación.

e) As axudas condicionadas á utilización de produtos nacionais en lugar de importados.

CAPÍTULO II

Programa de financiamento de accións formativas con compromiso de contratación inmediata (TR301P)

Artigo 18. *Accións subvencionables e requisitos*

1. Serán subvencionables ao abeiro deste programa as accións formativas para o emprego con compromiso de contratación que garden relación coa actividade empresarial das entidades solicitantes, dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas inscritas como demandantes de emprego no SPEG e que inclúan o compromiso de contratación nalgunha das modalidades enunciadas no capítulo III do 60 % do alumnado formado, por un período mínimo de seis meses a xornada completa ou tempo equivalente no caso de que a contratación non sexa a xornada completa. Neste último caso, non se admitirán contratos inferiores ás catro horas diarias.

No compromiso de contratación deberá figurar a categoría profesional e a localidade onde se vai contratar o alumnado.

No momento da selección deberá ser informado o alumnado destes aspectos.



No compromiso de contratación deberá outorgarse prioridade ao alumnado formado que superase a acción formativa.

2. Só poderán acudir a este procedemento aquelas empresas que cumpran os requisitos do artigo 4.1.

Así mesmo, deberán xustificar que non reduciron o número de persoas traballadoras con contrato indefinido nin o número total de persoas traballadoras da empresa durante a realización do curso.

Para contabilizar o número total de persoas traballadoras e de persoas traballadoras con contrato indefinido, non se terán en conta as persoas traballadoras que causasen baixa na empresa por causa de xubilación, incapacidade ou falecemento. Estas circunstancias deberán ser xustificadas documentalmente.

3. Ademais da acreditación dos requisitos formais exixidos para o compromiso de contratación inmediata nesta orde e no resto da normativa aplicable, o órgano competente da Consellería de Economía, Emprego e Industria poderá facer as indagacións e comprobacións necesarias e solicitar da entidade solicitante ou dos organismos públicos competentes a documentación que considere axeitada para garantir a viabilidade da acción formativa, nomeadamente o grao de cumprimento de contratación e mantemento do emprego en proxectos formativos impartidos anteriormente, de ser o caso; balances da empresa e documentación da Seguridade Social.

Artigo 19. *Documentación complementaria*

1. A documentación que deberá acompañar cada solicitude referida ao programa de financiamento de accións formativas con compromiso de contratación inmediata (TR301P) é a seguinte:

a) NIF da entidade, só no caso de que se denegue expresamente a súa verificación a través do servizo de interoperabilidade correspondente.

b) Documento de identidade da persoa que actúa en nome e representación da persoa xurídica solicitante, só no caso de que denegue a súa consulta no Sistema de verificación de datos do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro.

c) Documentación acreditativa da capacidade legal suficiente para asinar a solicitude (escritura notarial de poderes ou calquera outro medio válido en dereito).



d) Ficha do curso de formación profesional para o emprego (anexo I-B).

e) Anexo I-C, no cal figurará o número de persoas traballadoras por conta allea na empresa ou agrupación temporal de empresas, tanto con contrato indefinido como totais, no mes en curso da presentación da solicitude, así como nos 12 meses anteriores á data de solicitude do curso.

f) Compromiso de contratación asinado polo/s representantes da/s empresa/s vinculadas inicialmente no proxecto presentado.

g) Cando as especialidades formativas que se solicitan correspondan a novos certificados de profesionalidade, entendendo por novo certificado de profesionalidade para os efectos desta orde, aqueles publicados a partir do ano 2008, as entidades deberán, ademais, achegar a seguinte documentación:

– Programa formativo elaborado pola propia entidade, tomando como base para a súa elaboración o contido do correspondente certificado de profesionalidade e segundo a estrutura dun curso normalizado de formación profesional para o emprego.

– Convenio ou acordo coa empresa ou empresas nas cales realizará o módulo de prácticas profesionais non laborais en empresas incluídas no certificado de profesionalidade. Este suposto só será admisible para o caso de entidades beneficiarias que presentasen a súa solicitude como agrupación temporal de empresas, cando ao menos unha delas sexa de recente creación e sempre que o módulo de prácticas se efectúe nunha das integrantes da dita agrupación temporal.

h) Para todas as especialidades, relación detallada de dotacións e equipamentos, medios materiais que se van utilizar no seu desenvolvemento e unha descrición das aulas e talleres, indicando metros cadrados, condicións de luminosidade, de seguridade, etc. e xuntando planos oficiais das instalacións onde se imparta a formación, que, nos casos de certificados de profesionalidade, deberán estar visados polo técnico do colexio oficial competente.

i) Cando as especialidades formativas solicitadas non estean incluídas no Ficheiro de especialidades formativas, as entidades solicitantes deberán achegar a seguinte documentación:

– Un programa formativo elaborado pola propia entidade seguindo a maqueta que figura na ligazón <http://traballo.xunta.gal/afd>. Os programas deberán ser remitidos inescusable-



mente en soporte informático (en calquera formato de tratamento/procesamento de textos), e virán redactados en lingua galega e castelá, para o seu posterior envío ao Servizo Público de Emprego Estatal, para a súa aprobación previa ao inicio da acción formativa.

– Informe motivado da necesidade de impartición da especialidade formativa solicitada. Deberá ser remitido inescusablemente en soporte informático, e virán redactados en lingua galega e castelá, para o seu posterior envío ao Servizo Público de Emprego Estatal, para a súa aprobación previa ao inicio da acción formativa.

– Importe da subvención económica solicitada en función do número de persoas alumnas para o cal se solicita o proxecto formativo.

Artigo 20. *Procedemento de concesión, instrución e tramitación*

1. O procedemento de concesión das subvencións reguladas neste capítulo será o de concorrencia competitiva, nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. O órgano instrutor do procedemento será o Servizo de Planificación da Promoción Laboral da Subdirección Xeral de Promoción Laboral.

3. O procedemento que se seguirá na tramitación e instrución dos expedientes será o establecido no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 59 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, coa concreción que se establece no parágrafo seguinte.

Os expedientes remitiranse á comisión de valoración para o seu informe que, xunto coa proposta de resolución realizada pola persoa titular da xefatura do Servizo de Planificación da Promoción Laboral, será elevada ante a persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Promoción Laboral para a súa resolución, por delegación da persoa titular da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

4. Para os efectos do previsto neste artigo, a comisión de valoración estará composta pola persoa titular da Subdirección Xeral de Promoción Laboral, a persoa titular da Subdirección Xeral de Emprego e unha persoa funcionaria que será designada pola persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Promoción Laboral, por delegación da persoa titular da consellería, de entre o persoal funcionario cuxo posto estea adscrito a este órgano de dirección e que pertenza aos subgrupos A1 e A2.



Se, por calquera causa, no momento en que a comisión de valoración teña que examinar as solicitudes, algunha das persoas que a compoñen non puider asistir, será substituída pola persoa que para o efecto designe o órgano competente para resolver.

5. Para avaliar as solicitudes referidas ao programa de financiamento de accións formativas con compromiso de contratación inmediata (TR301P), a comisión de valoración terá en conta os seguintes criterios:

1º. Accións formativas relacionadas con especialidades vinculadas a familias profesionais con maior relación coa Industria 4.0, é dicir, 1) electricidade e electrónica, 2) fabricación mecánica, 3) instalación e mantemento e 4) transporte e mantemento de vehículos: 15 puntos.

2º. Accións formativas formuladas por empresas de sectores estratéxicos ou sectores emerxentes e de alto potencial, definidos na Axenda da competitividade Galicia Industria 4.0, aprobada polo Consello da Xunta o 13 de maio do 2015 e que pode ser consultada en <http://www.igape.es/gl/ser-mais-competitivo/galiciaindustria4-0>: 15 puntos.

3º. Accións formativas relacionadas coas áreas prioritarias relacionadas na disposición transitoria segunda da Lei 30/2015, do 9 de setembro (competencias de idiomas, ofimática e tecnoloxías da información e comunicación, coñecementos financeiros, xurídicos e do funcionamento das administracións públicas): 5 puntos.

4º. Situación da empresa solicitante na data de publicación da presente orde respecto da implantación dun sistema ou modelo de calidade na xestión da formación interna: 5 puntos.

5º. Accións formativas dirixidas a colectivos de persoas traballadoras desempregadas con especiais dificultades de inserción, que se enumeran, por orde de prioridade, no número 2 do artigo 41: 5 puntos.

6º. O emprego da lingua galega na realización das accións formativas utilizarase como criterio de selección no caso de empate.

O compromiso do emprego da lingua galega deberá referirse a súa utilización polos docentes na impartición das accións formativas.

6. O procedemento de concesión das subvencións previstas neste capítulo será o da concorrencia competitiva mediante convocatoria aberta, segundo o establecido polo arti-



go 6.5.b) da Lei 30/2015, do 9 de setembro, pola que se regula o sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral e o artigo 59 do Regulamento da Lei xeral de subvencións, de xeito que se ditará unha soa resolución respecto das solicitudes que se agrupen por procedemento de selección, nos termos de contías máximas e periodificación que se indican no seguinte cadro, segundo sexa a data de solicitude:

Procedementos de selección segundo as datas de solicitude	Contía en €
Desde a data da entrada en vigor da Orde ata o 31 de marzo de 2017	270.000
Desde o 1 de abril ata o 31 de maio de 2017	270.000
Desde o 1 de xuño ata o 30 de xullo de 2017	270.000
Desde o 1 de agosto ata o 30 de setembro de 2017	270.000
Desde o 1 de outubro ata o 31 de outubro de 2017	120.000
Total para 2017	1.200.000

Recaerá unha única resolución respecto das solicitudes agrupadas por cada procedemento de selección, de maneira que o importe máximo da subvención por cada un dos procedementos e anualidade é o que se indica no anterior cadro.

Se, logo de resolver cada procedemento de selección, non se tiver esgotado o importe máximo autorizado, o montante correspondente trasladarase ao procedemento de selección inmediatamente posterior.

7. No caso de producirse empate entre varias solicitudes, resolverase atendendo á puntuación obtida no criterio 1º de valoración. No caso de persistir o empate, continuarase analizando a puntuación obtida no seguinte criterio, e así sucesivamente, até que se produza o desempate. No suposto de continuar o empate, aplicarase como criterio de selección definitiva a data e hora de presentación da solicitude.

Artigo 21. *Resolución*

1. A resolución dos expedientes, logo do informe da comisión de valoración, do cumprimento do trámite de audiencia, cando proceda, e fiscalizada a proposta pola respectiva intervención, corresponderá á persoa titular da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, por delegación da persoa titular da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

2. As resolucións dos expedientes comunicaranse ao Consello Galego de Formación Profesional.



3. Ditarase unha soa resolución respecto das solicitudes que se agrupen por procedemento de selección, nos termos de contías máximas e periodificación que se sinala no cronograma do artigo 20 para a convocatoria do exercicio 2017.

4. A resolución da concesión de subvención fixará expresamente a contía total concedida e a puntuación técnica obtida, e incorporará, de ser o caso, as condicións, o compromiso de inserción do alumnado asumido, as obrigacións e as determinacións accesorias a que deba estar suxeita a entidade beneficiaria.

Artigo 22. *Execución das accións formativas*

1. As entidades beneficiarias desenvolverán as accións formativas a través de medios propios ou poderán recorrer á súa contratación, sempre que resulten acaídos para tal fin, nos termos da letra a) do número 2 do artigo 14 da Lei 30/2015, do 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral.

No caso de que as entidades beneficiarias opten pola contratación para impartir a formación, que poderá ser do 100 % da actividade formativa subvencionada, deberán contar coa autorización previa da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral e subscribir un contrato por escrito cunha entidade ou centro de formación debidamente inscrita ou acreditada, segundo corresponda, para impartir a formación.

Artigo 23. *Lugar de impartición das accións formativas*

As entidades beneficiarias desenvolverán as accións formativas nas súas instalacións.

No caso de que as entidades beneficiarias carezan de instalacións axeitadas para a impartición do proxecto formativo, poderá autorizarse a súa impartición nas instalacións dun centro inscrito ou acreditado en Galicia no Rexistro de Centros e Entidades de Formación para o Emprego, ou en calquera outro centro, que deberá inscribirse ou acreditarse previamente con carácter provisional, de acordo cos requisitos e tramitación regulados no Decreto 106/2011, do 19 de maio.

Os centros e entidades onde se imparta a formación deberán estar en posesión da licenza municipal de apertura da actividade de que se trate. Na súa falta, este documento poderá ser substituído por unha declaración responsable da súa representación legal en que se faga constar a idoneidade dos locais de impartición.



Se os cursos teñen lugar en espazos cedidos por outras entidades, a licenza de apertura só poderá ser substituída, nos seguintes supostos, por algún destes documentos:

a) Centros de titularidade municipal: certificación da persoa titular da secretaría municipal en que se acredite que os lugares de impartición dos cursos son aptos para esta finalidade.

b) Entidades públicas (centros de formación, centros sanitarios, etc.): calquera outro documento que acredite suficientemente a súa idoneidade para impartir formación.

En calquera dos casos, esta circunstancia deberá acreditarse tanto nos locais onde se imparta a parte teórica como a práctica.

Artigo 24. *Obrigas das entidades beneficiarias*

1. Ademais das obrigas comúns fixadas nesta orde, das establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as entidades beneficiarias das axudas reguladas neste capítulo deberán enviar a documentación que se indica no número seguinte e nos prazos sinalados, tendo en conta que os datos da xestión do curso deberán introducirse en liña a través da aplicación informática SIFO que a Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral porá á disposición das entidades beneficiarias.

Para que este proceso en liña poida realizarse, as entidades beneficiarias deberán dispor dunha conexión de saída á internet a través dunha liña RDSI, ADSL ou outra de calidade equivalente ou superior, dunha calidade suficiente para a transmisión de toda a documentación e información requirida.

2. De acordo co anterior, as entidades beneficiarias deberán:

a) Requirir de cada persoa alumna, no momento da súa incorporación, a seguinte documentación, que deberá archivarase separadamente por cada curso:

– Copia do DNI.

– Ficha individual.

– Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos de acceso para os cursos de novos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3.



– Documentación acreditativa para a exención do módulo de prácticas profesionais non laborais, se é o caso.

– Copia do diploma do módulo transversal ou obrigatorio, de ser o caso.

– Orixinais dos documentos de información ao alumnado da subvención, debidamente asinados.

b) Como mínimo cinco días antes do inicio do curso:

Introducir na aplicación informática na ficha de SIFO de inicio os seguintes datos e documentos:

– Planificación temporal.

– Programa completo, agás naquelas especialidades que teñen programación modular.

– Enderezo completo.

– Profesorado.

– A planificación temporal dos módulos do curso, indicando a previsión das visitas didácticas ao longo do curso.

No caso de accións formativas vinculadas a certificados de profesionalidade:

Planificación didáctica, elaborada segundo o anexo III da Orde ESS/1897/2013, do 10 de outubro.

Programación didáctica de cada módulo formativo e, se é o caso, unidades formativas, utilizada como guía de aprendizaxe e avaliación, elaborada segundo o anexo IV da Orde ESS/1897/2013, do 10 de outubro.

Planificación da avaliación, formalizada de acordo co anexo V da Orde ESS/1897/2013, do 10 de outubro.

– Instrumentos da avaliación válidos e fiables, cun sistema de corrección e puntuación obxectivos.



– Relación do persoal docente que vai impartir o curso. Farase constar a súa formación metodolóxica e relación dos módulos que impartirá cada un deles.

Cada módulo formativo do certificado de profesionalidade poderá ser impartido, como máximo, por dous formadores/as, que deberán acreditar o cumprimento dos requisitos que se establezan para cada módulo formativo no real decreto que regule o correspondente certificado de profesionalidade.

O persoal docente encargado da impartición do módulo de formación sobre igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e corresponsabilidade familiar e doméstica deberán acreditar 150 horas de formación en materia de xénero ou de experiencia profesional ou docente en materia de xénero.

– A documentación acreditativa da formación e experiencia do profesorado, cando esta non estea en poder da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

– A identificación do persoal de dirección, seguimento e control da actividade docente.

– O seguro de accidentes das persoas participantes.

– A documentación en que se reflecta a metodoloxía utilizada para o cálculo e imputación dos gastos e a porcentaxe que se imputa, cando se trate dunha imputación parcial de gastos directos ou dunha imputación de gastos comúns a varias actividades.

c) Remitir á Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral:

a. No momento da solicitude de candidatos/as á oficina de emprego.

As datas de inicio e de finalización do curso que se deberán introducir na aplicación informática SIFO.

b. O día de inicio de cada curso:

Documentalmente:

– Certificación xustificativa do comezo do curso e, de ser o caso, das modificacións producidas respecto dos datos sinalados no punto anterior.



c. Nos 10 días lectivos seguintes ao inicio do curso:

Documentalmente:

- As datas de inicio e remate do curso, así como o horario de impartición.
- O enderezo completo do lugar de impartición.
- Copia do DNI dos/as alumnos/as.
- A solicitude de anticipo, de ser o caso.

d. Mensualmente:

- Partes diarios de asistencia asinados polo alumnado e o persoal docente.

Este documento deberá ser o xerado pola aplicación SIFO unha vez consignada a información necesaria, e deberán archivarase os orixinais asinados, separadamente, por cada curso.

e. No prazo de 15 días desde o remate de cada curso:

- Completar a información relativa á finalización do curso na aplicación SIFO.
- Proceder á xustificación dos custos de cada curso mediante a seguinte documentación, que deberá presentarse selada e asinada:

- Solicitude de liquidación final.
- Certificación do gasto.
- Relación de nóminas e facturas.

Os tres documentos anteriores deberán xerarse na epígrafe de solicitude de pagamentos do SIFO.

- Facturas, nóminas e xustificantes de pagamento de todos os gastos imputables ao curso, segundo se detalla nos artigos 33 e seguintes.
- Declaración complementaria do conxunto de todas as axudas solicitadas (aprobadas, concedidas ou pendentes de resolución) para a mesma acción formativa ás distintas ad-



ministracións públicas competentes ou a calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

– Extractos do libro maior en que se reflectan todas as operacións contables realizadas para a execución da acción formativa.

– Declaración responsable das empresas con que teñan vinculación.

A presentación das correspondentes xustificacións respectarán o establecido no artigo 32.

d) Acreditar, con independencia da contía da subvención, tanto antes de ditarse a resolución de concesión como de proceder ao cobramento das subvencións, que están ao día nas súas obrigas tributarias e sociais e que non teñen pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou estea ao día no pagamento de obrigas por reintegro de acordo co disposto no artigo 9 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

e) Comunicar á Dirección Xeral de Promoción e Orientación Laboral a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración ou ente público.

f) Expoñer no taboleiro de anuncios da entidade beneficiaria ou do centro onde se imparta a formación o programa completo do curso temporizado por módulos, os dereitos e deberes dos/as alumnos/as e da entidade que imparta a formación, así como a relación do persoal docente e o horario do curso.

g) Aboar mensualmente a remuneración do profesorado a través de transferencia bancaria.

Non exime desta obriga o feito de que a entidade beneficiaria non percibise os anticipos previstos nesta orde.

h) Someterse ás actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, poidan acordar os servizos competentes da Consellería de Economía, Emprego e Industria, tanto no relativo ao desenvolvemento das accións formativas como á súa xestión e tramitación administrativa e someterse ás actuacións de avaliación, seguimento e control, internas e externas, segundo o Plan Anual de Avaliación mencionado no artigo 18.2 do Real decreto 34/2008, que regula os certificados de profesionalidade.



i) Dispoñer dun sistema de control biométrico para o seguimento e control do alumnado e do persoal docente, compatible co sistema establecido polo Servizo Público de Emprego de Galicia.

j) Contratar un seguro de accidentes para o alumnado que cubra tanto os riscos que poidan ter durante o desenvolvemento do curso como os do traxecto ao lugar de impartición das clases e das prácticas. A súa duración abranguerá o período do curso, incluíndo expresamente as prácticas en empresas cando estas se realicen, sen que poida admitirse ningunha restrición nin exclusión por razón do medio de transporte utilizado. Non se admitirán pólizas con franquías.

k) Contratar unha póliza de responsabilidade civil para facer fronte aos riscos que poidan derivar da súa realización para os bens e as persoas, cando se realicen prácticas en empresas ou outras actividades relacionadas co curso. Non se admitirán pólizas con franquías.

l) Comunicar á Dirección Xeral de Promoción e Orientación Laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria calquera circunstancia ou eventualidade que poida afectar substancialmente a execución dos cursos programados, no prazo de cinco días desde que se produza, así como solicitar á Subdirección Xeral da Promoción Laboral, con cinco días de anticipación, autorización para realizar calquera modificación no desenvolvemento dos cursos.

m) Aceptar as modificacións que, de ser o caso, introduza o órgano encargado da resolución dos expedientes en relación cos termos de impartición sinalados na solicitude.

n) Facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas ou polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, así como someterse a todas as actuacións de comprobación e control previstas no artigo 11.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

ñ) Incorporar, xunto coa conta xustificativa dos gastos efectivamente realizados, un informe de revisión de conta xustificativa de subvencións, asinado por unha persoa auditora inscrita no Rexistro Oficial de Auditores de Contas (ROAC), nos termos que preceptúa a Orde EHA/1434/2007, do 17 de maio, pola que se aproba a norma de actuación dos auditores de contas na realización dos traballos de revisión de contas xustificativas de subvencións.



o) Para os cursos de novos certificados de profesionalidade, remitir un informe individualizado de cada persoa participante cualificando os progresos acadados en cada un dos módulos profesionais da acción formativa, segundo o modelo especificado no anexo VI da Orde ESS/1897/2013, do 10 de outubro, pola que se desenvolve o Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade e os reais decretos polos que se establecen certificados de profesionalidade ditados na súa aplicación.

p) Para os cursos de novos certificados de profesionalidade, remitir a acta da avaliación do alumnado segundo o modelo especificado no anexo VII da Orde ESS/1897/2013, do 10 de outubro, pola que se desenvolve o Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade, e os reais decretos polos que se establecen certificados de profesionalidade ditados na súa aplicación, así como a documentación que se requira para os procesos de seguimento e control da calidade das accións formativas, segundo o establecido nos artigos 14 e 18 do Real decreto 34/2008 que regula os certificados de profesionalidade e nos capítulos I e II do título III da Orde ESS/1897/2013, do 10 de outubro.

q) Solicitar á Dirección Xeral de Promoción e Orientación Laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria autorización previa para a realización de viaxes didácticas. Esta solicitude deberá ser presentada con quince días hábiles de anticipación á súa realización.

r) Pedir ao alumnado a documentación acreditativa dos requisitos de acceso para poder participar no curso no momento da selección, nas accións formativas de especialidades vencelladas a novos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3. Esta documentación deberán remitila, xunto coa acta de selección, á oficina de emprego, para a súa validación.

s) Dispor de follas de reclamación á disposición de todos os seus usuarios, en aplicación do disposto na Lei 2/2012, do 28 de marzo de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias.

t) Subscribir, con carácter previo á percepción do financiamento público, un compromiso verificable de calidade na xestión, transparencia e eficiencia na utilización de recursos públicos. Este compromiso estará referido ao seguimento da impartición e asistencia de todos os participantes, á súa satisfacción co desenvolvemento da acción formativa, aos seus contidos, aos seus resultados, á calidade do profesorado e ás modalidades de impartición.



Artigo 25. *Determinación das subvencións para a acción formativa*

1. As accións formativas impartidas ao abeiro desta orde serán obxecto de subvención para compensar os custos derivados da súa execución.

2. Os módulos económicos aplicables para os efectos de determinación e xustificación das subvencións destinadas ao financiamento das accións formativas desta convocatoria son os que figuran na web da Consellería de Economía, Emprego e Industria, en cada unha das especialidades do ficheiro de especialidades formativas do Servizo Público de Emprego Estatal, e non poderán superar os máximos determinados pola Orde TAS/718/2008, do 7 de marzo, pola que se desenvolve o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, en materia de formación de oferta, e na Orde ESS/1897/2013, do 10 de outubro.

3. O importe das accións formativas concretarase no produto de horas do curso polo número de alumnos/as e polo importe do módulo que correspondan á especialidade, salvo no módulo de prácticas non laborais en empresas das accións formativas de especialidades conducentes á obtención de novos certificados de profesionalidade, que se financiará con 1,5 euros por alumno/a e hora de prácticas, que se destinarán ao financiamento dos custos da actividade do titor das prácticas.

4. Cando a media do alumnado subvencionado no primeiro cuarto do curso (alumnado liquidable) sexa inferior ao número de alumnos/as incluído na solicitude, o importe máximo da acción formativa reducirase na porcentaxe resultante de multiplicar por tres a diferenza entre o número do alumnado referido na solicitude e a media do alumnado subvencionado do primeiro cuarto.

Para estes efectos non terá a consideración de baixa cando esta se produza por colocación ou cando un alumno/a, coa preceptiva autorización da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, cause baixa nun curso para incorporarse a outro.

5. No caso de cursos que teñan un mínimo de un alumno/a con certificación de discapacidade e a entidade impartidora o solicite expresamente, poderase incrementar o importe subvencionable nos seguintes conceptos:

a) Para persoal de apoio ata un máximo de 9 € por hora lectiva.

b) Para a adaptación curricular ou do material didáctico necesario: pola contía do gasto realmente efectuado.



Para o aboamento deste importe ditarase unha resolución complementaria co importe total dos gastos autorizados por estes conceptos.

6. As subvencións previstas nesta orde son incompatibles coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma acción formativa procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, estatal, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que supere o custo da actividade subvencionada.

Artigo 26. *Remate das accións formativas*

O remate das accións formativas terá como data límite o 30 de novembro de 2017 e, en todo caso, respectará os prazos de xustificación establecidos no artigo 32.

Excepcionalmente, por causas xustificadas, e sempre logo de autorización da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, as accións formativas poderán rematar ata o 15 de decembro de 2017.

Artigo 27. *Custos subvencionables*

Só serán subvencionables os custos reais, efectivamente realizados, pagados e xustificadas mediante facturas ou documentos contables de valor probatorio e que respondan á natureza da actividade subvencionada.

I. Custos directos da actividade formativa:

1. Docencia:

a) As retribucións do persoal formador interno e externo, que poden incluír salarios, parte proporcional das pagas extras en relación ao tempo de traballo efectivo, seguros sociais, axudas de custo e gastos de locomoción e, en xeral, todos os custos imputables no exercicio das actividades de preparación, impartición, titoría e avaliación aos participantes das accións formativas.

Neste punto incluíranse os custos da actividade do titor do módulo de formación práctica en centros de traballo.



Tamén se incluírán os custos derivados do persoal de apoio ao alumnado a que fai referencia o artigo 25.5 da orde.

A remuneración mensual habitual percibida polo persoal docente da entidade beneficiaria non poderá ser incrementada durante o período de execución da acción formativa, agás que por norma ou modificación do convenio colectivo así se estableza. Non obstante, non serán admisibles aqueles custos salariais que por vía de convenio ou acordo entre a entidade e o traballador prevexan unha maior retribución en función do importe da subvención.

Non serán subvencionables os complementos salariais non previstos na lexislación laboral, nos convenios colectivos que resulten de aplicación ou no contrato da persoa traballadora.

No suposto de baixas por IT e maternidades non se poderán imputar as retribucións do persoal formador correspondente ao tempo que permaneza de baixa.

Tampouco serán subvencionables as vacacións pagadas pero non desfrutadas.

Todos os gastos incluídos neste apartado deberán presentarse debidamente desagregados, identificados e acompañados do cálculo da imputación realizada, a partir do custo/hora aplicado e o número de horas dedicadas á acción formativa correspondente.

O 35 % do custo subvencionado para a impartición da acción formativa debe empregarse exclusivamente en custos de docencia, de xeito que, de non acadarse esa porcentaxe, se aboará unicamente a cantidade xustificada. En caso de non acadar a citada porcentaxe, a diferenza non poderá imputarse como custos directos, custos asociados ou outros custos. En ningún caso este custo poderá ser superior ao prezo de mercado.

Incluíranse neste punto unicamente os gastos relativos aos docentes incluídos no documento de inicio da acción formativa e, se é o caso, posteriores modificacións, inseridas na aplicación informática SIFO, aos titores de prácticas e ao persoal de apoio do alumnado a que fai referencia o artigo 25.5 da orde, debidamente comunicados.

b) Preparación e titorías: aceptaranse os custos de preparación, seguimento, control da actividade docente, avaliación da impartición e titorías imputadas polos docentes da actividade formativa e/ou persoal que realice estas funcións. En ningún caso estes custos poderán superar o 20 % dos gastos xustificadas no punto anterior. Así mesmo, o persoal imputado neste punto non poderá ser imputado no punto de persoal de apoio dos custos asociados.



2. Gastos de medios didácticos e/ou adquisición de materiais didácticos, así como os gastos en bens consumibles utilizados na realización das accións formativas, incluíndo o material de protección e seguridade. Inclúiranse aquí os gastos derivados das visitas didácticas. Non se admitirá imputación de gastos derivados das ditas visitas non autorizadas e das solicitadas fóra do prazo sinalado no artigo 24.2.q).

Inclúense neste apartado os textos e materiais dun só uso, así como os materiais de traballo funxibles utilizados durante as actividades de formación.

Estes gastos deberán presentarse debidamente desagregados por acción formativa.

3. As empresas ou grupos de empresas que impartan proxectos formativos con compromisos de contratación inmediata non poderán recoller como custo aboable gastos de amortización.

4. Os gastos de aluguer e arrendamento financeiro, excluídos os seus xuros. Estes gastos deberán presentarse debidamente desagregados por acción formativa e imputaranse polo período de duración da acción.

Están comprendidos nestes gastos todos aqueles que deban imputarse ou teñan a súa orixe na actividade da acción formativa por alugueres ou arrendamento financeiro, tanto de instalacións como de maquinaria e equipamentos, excluídos os seus xuros.

A imputación de alugueiros entre os conceptos de instalacións e maquinaria non poderá superar o 10 % da subvención concedida para a impartición da acción formativa.

No caso de que os gastos orixinados polos alugueiros de instalacións e equipamentos se imputen a unha acción formativa ao 100 % ou se repartan integramente entre varias accións formativas das concedidas á entidade, deberá achegarse cálculo detallado da imputación realizada, incluíndo a correspondente ás zonas comúns no caso de instalacións.

No caso de arrendamento financeiro (*leasing* ou *renting*) será subvencionable a parte da cota mensual, excluídos os custos financeiros.

No caso dos contratos de arrendamento que non conteñan unha opción de compra e cuxa duración sexa inferior ao período de vida útil do activo a que se refire o contrato, o arrendatario deberá poder demostrar que o arrendamento non financeiro era o método máis rendible para obter o uso dos bens. Se os custos fosen máis baixos de terse utilizado un método alternativo, os custos adicionais deduciranse do gasto subvencionable.



O custo imputable do alugamento de equipamentos didácticos, non poderá ser superior ao importe de amortización que resulte de aplicar o coeficiente lineal máximo permitido pola Lei do imposto de sociedades para o equipamento de que se trate.

5. Gastos de seguro de accidentes das persoas participantes e, de ser o caso, importe da póliza de responsabilidade civil para facer fronte aos riscos que para os bens e as persoas poidan derivar da realización de actividades relacionadas co curso, incluídas as prácticas. O seguro deberá ter a seguinte cobertura mínima:

- No caso de morte: 60.000 €.
- No caso de invalidez permanente: 60.000 €.
- Asistencia médico-farmacéutica: durante un ano a partir do sinistro.

Estes gastos deberán presentarse desagregados por acción formativa e a súa imputación farase polo número de participantes.

6. Os gastos de publicidade para a organización e difusión das accións formativas.

Inclúense neste número os gastos de publicidade derivados da difusión e promoción das accións formativas por medios que utilicen distintos sistemas de comunicación, polas actividades e servizos realizados. O financiamento pola Xunta de Galicia deberá constar na publicidade para que este custo sexa imputable.

Estes gastos deberán presentarse desagregados por acción formativa.

II. Custos asociados:

1. Custos de persoal de apoio: os custos de persoal de apoio interno necesarios para a xestión e execución da actividade formativa.

Inclúense neste concepto os gastos de persoal directivo e administrativo estritamente necesarios para a preparación, xestión e execución da acción formativa. En particular, os gastos de selección de alumnado, os derivados da realización de informes de contabilidade e auditoría, cando o dito informe non sexa preceptivo para a entidade beneficiaria.

2. Gastos financeiros: os gastos financeiros directamente relacionados coa actividade subvencionada e que resulten indispensables para a súa axeitada preparación ou execución. Non serán subvencionables os xuros debedores das contas bancarias.



Neste número poderanse incluír os seguintes gastos:

a) Gastos de apertura dunha conta bancaria e o seu mantemento.

b) Gastos de asesoramento legal, notaría, asesoramento técnico ou financeiro que estean ligados á preparación e execución da actividade formativa.

c) Aval bancario.

3. Outros custos: luz, auga, calefacción, mensaxaría, correo, limpeza e vixilancia asociados á execución da actividade formativa.

A suma dos custos asociados non poderá superar o 10 % do custo total da actividade formativa realizada e xustificada.

III. Outros custos subvencionables:

1. Os custos de avaliación e control da calidade da formación, ata o 5 % do custo xustificado nos puntos I e II.

Inclúense custos internos e externos de persoal derivados da realización das accións de avaliación e control da calidade da formación.

Poderán considerarse accións de avaliación e control as enquisas ao profesorado e ao alumnado, a identificación de áreas de mellora e a elaboración de plan de mellora.

As funcións de control de calidade da docencia poderán ser desempeñadas por persoal non docente.

2. Os custos derivados da realización da conta xustificativa con informe asinado por unha persoa auditora rexistrada.

IV. Rastrexabilidade dos pagamentos: para aceptar os gastos como xustificados é necesario que se identifique claramente a correspondencia entre a factura/nómina e o xustificante de pagamento, especificando o número de factura no concepto do xustificante bancario, posto que a simple coincidencia de provedor e importe non é garantía suficiente. Se o xustificante inclúe o pagamento de varias facturas e non se especificaron todas no concepto de xustificante bancario, o antedito xustificante deberá ir acompañado do total das facturas que estean afectadas por el. Así mesmo, en ningún caso se darán por válidos



os xustificantes de pagamentos corrixidos con notas á man para rectificar calquera equivocación.

Artigo 28. *Pagamento*

Con carácter xeral, o aboamento da subvención farase efectivo da seguinte forma:

1. Nos termos do artigo 6 da Lei 30/2015, do 9 de setembro, pola que se regula o sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral, poderán concederse pagamentos anticipados de ata un 25 % da subvención concedida.

2. Ao anterior poderá engadirse un pagamento parcial de ata un 35 % do importe concedido para a actividade formativa, desde o momento en que a Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria reciba a certificación de inicio do dito curso e a correspondente solicitude.

3. Para a percepción dos anticipos e pagamentos á conta a que se refiren os anteriores puntos, as entidades beneficiarias deberán constituír garantía a favor da Consellería de Economía, Emprego e Industria (Xunta de Galicia), mediante seguro de caución prestado por entidade aseguradora ou mediante aval solidario da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca, nos termos establecidos nos números 2 e 3 do artigo 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A estas garantías aplicaráselles o réxime de constitución, execución e cancelación previsto nos artigos 69, 70 e 71 do referido regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. En ningún caso poderán realizarse pagamentos anticipados ás persoas beneficiarias nos supostos previstos no número 6, parágrafo terceiro, do artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. Unha vez rematadas todas as accións formativas e xustificadas os gastos realmente efectuados en cada unha mediante certificación da persoa responsable da entidade beneficiaria por conceptos orzamentarios e remitida a documentación referida no artigo 24.2.c.e), aboarase o importe restante.

6. A xustificación do cumprimento do compromiso de contratación inmediata realizarase no momento en que se proceda á xustificación final dos custos do curso mediante a pre-



sentación dos correspondentes contratos laborais visados polo Servizo Público de Emprego. As entidades beneficiarias deberán acreditar a situación de alta da persoa traballadora na Seguridade Social polo tempo estipulado no contrato. Para iso deberán achegar o TC2 ou equivalente.

7. O cumprimento do requisito de non redución do número total de persoas traballadoras da empresa nin do número total de persoas traballadoras con contrato indefinido, acredítase do seguinte xeito:

a) Cando se presente a solicitude de liquidación final do curso, achegaranse os TC2 ou equivalentes dos doce meses anteriores ao inicio do curso e o do mes en que consten os/as alumnos/as da acción formativa contratados en virtude do compromiso adquirido, así como os TC2 ou equivalentes do período de duración da acción formativa.

b) No caso de empresas que formen parte dunha agrupación temporal de empresas que presenten solicitude conxunta segundo establece o artigo 4.1 e que non tivesen persoas traballadoras nos doce meses anteriores, por seren de nova creación ou por creárense durante ese período, presentarán os TC2 ou equivalentes dos meses de que teñan eses documentos, ou, na súa falta, xustificante da data de creación da empresa.

Artigo 29. *Contratos de traballo*

1. A contratación comprometida realizarase no prazo dun mes desde o remate da acción formativa e, en todo caso, antes do 15 de decembro de 2017.

2. Non se aboará a liquidación final en tanto a empresa non remita as copias dos contratos de traballo rexistrados que supoñan unha relación indefinida ou temporal de seis meses como mínimo e acredite que se mantén a ratio desde a data da solicitude entre persoas traballadoras con contrato indefinido e sen contrato indefinido.

3. No caso de extinción do contrato de traballo do persoal obxecto de compromiso polas causas previstas na normativa laboral vixente con anterioridade á finalización do período exigible, a entidade beneficiaria deberá comunicar esta circunstancia á Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral no prazo de sete días desde que se produza e proceder á súa substitución, atendendo á seguinte orde:

1º. Deberá ofertar a cobertura do posto de traballo vacante ao alumnado formado e aprobado que non foi contratado inicialmente.



2º. No caso de non ser posible a contratación anterior, deberá ofertar a cobertura do posto ao resto do alumnado formado.

3º. De non poderse realizar a cobertura do posto vacante a través das ofertas dos puntos 1º e 2º, a entidade beneficiaria deberá solicitar da oficina de emprego unha listaxe de persoas candidatas que posúa e acredite unha formación igual ou equivalente para o correcto desenvolvemento do posto de traballo.

4. As causas de extinción do contrato de traballo e, se for o caso, de imposibilidade de facer efectiva a contratación de alumnado formado aprobado ou formado, segundo o sinalado nos puntos 1º e 2º do número 3, deberán acreditarse documentalmente ante a Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.

5. Excepcionalmente, a entidade poderá solicitar á Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral a autorización para a selección directa de persoas candidatas, sempre e cando acrediten unha formación igual ou equivalente á que se require para o correcto desenvolvemento do posto de traballo.

6. A Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral efectuará as comprobacións que considere necesarias coa finalidade de verificar a efectividade do cumprimento do período de duración da contratación realizada.

Artigo 30. *Incumprimento de obrigas e reintegro*

1. O incumprimento das obrigas establecidas na presente orde e demais normas aplicables, así como das condicións que se establecesen na correspondente resolución de concesión dará lugar á perda total ou parcial do dereito ao cobramento da subvención ou, logo do oportuno procedemento de reintegro, á obriga de devolver total ou parcialmente a subvención percibida e os xuros de demora correspondentes.

2. Con carácter xeral, a graduación dos posibles incumprimentos a que se fai referencia no número anterior determinarase de acordo cos seguintes criterios:

a) No suposto de incumprimento total:

O incumprimento total dos fins para os cales se concedeu a subvención ou da obriga de xustificala dará lugar ao reintegro do 100 % da subvención concedida. Igualmente, considerase que concorre o incumprimento total se a realización da actividade subvencionada



non acada o 35 % dos seus obxectivos, medidos co indicador de número de horas de formación multiplicado por número de alumnos/as formados.

b) No suposto de incumprimento parcial:

O incumprimento parcial dos fins para os cales se concedeu a subvención ou da obriga de xustificala dará lugar ao reintegro parcial da subvención concedida. Cando a execución do indicador mencionado no parágrafo anterior estea comprendida entre o 35 % e o 100 % da subvención concedida, minorarase na porcentaxe que se deixase de cumprir, sempre que os gastos fosen debidamente xustificadas.

c) O incumprimento do compromiso do emprego da lingua galega na realización das accións formativas dará lugar ao reintegro do 5 % da subvención concedida.

d) O incumprimento do período de 1 mes desde o remate da acción formativa para facer efectivo o contrato laboral dará lugar a un reintegro dun 2 % do importe do gasto xustificado por cada un dos incumprimentos.

e) O incumprimento da priorización na contratación ao alumnado formado que aprobou a acción formativa dará lugar a un reintegro do 5 % do importe do gasto xustificado.

3. No que se refire a posibles incumprimentos relativos á porcentaxe de compromiso de contratación, adoptaranse os seguintes criterios de graduación:

a) Se a contratación efectiva é inferior ao 60 % do alumnado formado, o reintegro será proporcional ao grao de incumprimento, sempre que o dito incumprimento sexa igual ou inferior o 50 % do compromiso asumido, e calcularase sobre o importe do gasto xustificado.

b) Se o incumprimento sobre o compromiso de contratación efectiva é superior ao 50 % do compromiso asumido, o reintegro será total.

Artigo 31. *Infraccións e sancións*

A obriga de reintegro establecida no artigo 30 entenderase sen prexuízo do previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, se concorreren as accións e omisións tipificadas na antedita lei.

As infraccións poderán ser cualificadas como leves, graves ou moi graves e levarán unidas as sancións que en cada caso correspondan de acordo co previsto na antedita lei.



Artigo 32. *Prazo de xustificación*

1. A xustificación final dos gastos subvencionables deberá realizarse dentro do prazo de 15 días desde o remate de cada curso.

Os prazos para a xustificación final dos gastos axustaranse, en calquera caso, aos seguintes límites:

a) Nas accións formativas que rematen ata o 30 de novembro de 2017, a data límite para a presentación da xustificación final dos cursos será o 15 de decembro de 2016.

b) As accións formativas que rematen no mes de decembro de 2017, deberán xustificarse do seguinte modo:

b.1. Xustificación parcial: os gastos producidos ata o 30 de novembro de 2017 deberán xustificarse con data límite do 15 de decembro de 2017.

b.2. Xustificación final: os gastos producidos no mes de decembro de 2017 xustificaranse antes do 16 de xaneiro de 2018.

2. Non se poderán imputar gastos xustificadas con facturas de data anterior en máis dun mes ao inicio da actividade formativa. En todo caso, os gastos financiados deberán ser posteriores á concesión da subvención.

Artigo 33. *Xustificación dos custos directos*

Os documentos necesarios para a xustificación son os que se relacionan a seguir:

1. Docencia.

A xustificación do pagamento das retribucións ao persoal docente e da persoa titora do módulo de formación práctica en centros de traballo deberá facerse, en todo caso, mediante apuntamento bancario e teranse en conta as seguintes indicacións:

a) Docente contratado por conta allea:

– Nómína do persoal docente.

– Documento bancario que acredite a transferencia da nómina aboada.



– Boletíns de cotización á Seguridade Social: recibo de liquidacións de cotizacións, TC2 o documento equivalente e os documentos bancarios que acrediten o seu pagamento.

– Resolución de alta no réxime xeral da Seguridade Social.

– Modelo 190 (retencións e ingresos á conta do IRPF e xustificantes do seu pagamento (modelo 111), correspondentes aos trimestres durante os cales se desenvolveu a acción formativa), unha vez que se dispoña deles.

– Xustificante bancario do ingreso do modelo 111 do IRPF.

– No caso de que a imputación á acción formativa sexa do 100 %:

• Contrato laboral do persoal docente en que constará o seu obxecto e especificará a acción formativa de que se trate.

– No caso de que a imputación á acción formativa sexa menor do 100 %:

• Contrato laboral.

• Anexo ao contrato, asinado polas dúas partes, que recolla o seu obxecto e especifique a acción formativa da que se trate, así como a súa duración.

Se a contratación non foi efectuada para a realización exclusiva da acción formativa, deberá xustificarse a imputación total da nómina.

A cantidade que se imputará á acción formativa será proporcional ao número de horas efectivamente impartidas pola persoa formadora. Se non se atopa diferenciada na nómina e nesta se inclúen outro conceptos retributivos, achegarse un cálculo xustificativo da imputación efectuada segundo o criterio de horas da acción formativa impartidas en relación co total de horas traballadas.

O custo bruto por hora imputable calcularase coa seguinte fórmula:

Masa salarial da persoa formadora/nº de horas anuais segundo convenio=custo hora persoa formadora.

Custo imputable: nº de horas impartidas×custo/hora da persoa formadora.



Na masa salarial inclúense: a retribución bruta anual (incluída *pro rata* de pagas extra) máis o custo de Seguridade Social a cargo da entidade.

b) Docente contratado por contrato mercantil.

– Contrato realizado en que figure o seu obxecto (impartición da acción formativa de que se trate) e a súa duración.

– Factura correspondente á acción formativa como xustificante de gasto, na cal se inclúa a denominación da acción formativa, a actividade realizada, o número de horas impartidas, o custo por hora, a retención efectuada polo profesional e o importe total correspondente.

– Xustificante de pagamento.

c) Docente que conste como socio da entidade.

Cando un socio/a da entidade beneficiaria impute custos como docente, será necesario achegar:

– Factura que recolla a denominación da acción formativa, número de horas impartidas, custo por horas e importe que se percibirá.

– Xustificante de pagamento da factura.

– Alta de socio/a no IAE.

– Recibo de liquidación de cotización ao réxime especial de traballadores autónomos do período de execución da acción formativa.

– En caso de cotizar no réxime xeral da Seguridade Social, deberá presentar as nóminas percibidas no período formativo e os documentos da Seguridade Social (recibo de liquidacións de cotizacións e TC2 ou equivalente) do antedito período, así como os seus correspondentes xustificantes de pagamento.

d) Para o caso de que se autoricen as entidades beneficiarias para que a impartición da formación se efectúe a través da contratación con centros ou entidades de formación, nos termos do artigo 22:

– Tres ofertas, como mínimo, de diferentes provedores non vinculados entre si, con carácter previo á contratación do servizo. As ofertas presentadas deberán conter os mesmos conceptos ofertados.



No caso de renuncia dunha ou máis das entidades que presentasen as ofertas, estas deberán ser substituídas por outras ata acadar o mínimo de tres exixido.

A elección entre as tres ofertas presentadas realizarase conforme criterios de eficiencia e economía e debe xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposición económica máis vantaxosa.

– Contrato realizado coa empresa docente, onde se detalle a acción formativa, período ou número de horas que se van impartir, persoal docente interveniente, custo da acción e forma de pagamento.

– Facturas emitidas pola empresa docente en que se inclúa a denominación da acción formativa, o número de horas impartidas, o custo por hora e o importe total correspondente, xunto co seu xustificante de pagamento.

– Nóminas ou facturas do pagamento ao persoal docente e xustificantes do pagamento.

– De ser o caso, boletíns de cotización á Seguridade Social: recibo de liquidación de cotizacións e TC2 ou equivalente, documentos bancarios que acrediten o seu pagamento e a resolución de alta no réxime xeral da Seguridade Social.

En canto aos criterios aplicables para establecer límites na imputación de custos relativos á subcontratación da docencia a través dun servizo externo, aplicarase o disposto na normativa vixente en materia de contratación pública, no sentido de fixar como límites máximos as porcentaxes recollidas no artigo 131.1. letras a) e b) (gastos xerais de estrutura) do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

e) Preparación e titorías.

Os criterios de xustificación deste punto seguirán as mesmas directrices establecidas para o persoal docente nos puntos anteriores, reflectindo de maneira separada nos xustificantes de gasto os custos derivados dos diferentes conceptos imputables.

2. Gastos de medios didácticos, materiais didácticos e bens consumibles.

– Facturas acompañadas dos seus correspondentes xustificantes de pagamento.

– Xustificante de recepción detallado e asinado polo alumnado do material dun só uso que lle fose entregado de xeito individualizado e cuxo custo sexa imputado. No caso de



materiais de traballo funxibles, a Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral poderá exixir que se achegue memoria xustificativa detallando as actividades desenvolvidas e a súa relación cos consumos imputados.

3. Os gastos de aluguer e arrendamento financeiro, excluídos os seus xuros. Estes gastos deberán presentarse debidamente desagregados por acción formativa e imputaranse polo período de duración da acción.

Están comprendidos nestes gastos todos aqueles que deban imputarse ou teñan a súa orixe na actividade da acción formativa por alugueres ou arrendamento financeiro, tanto de instalacións como de maquinaria e equipamentos, excluídos os seus xuros.

A imputación de alugueres entre os conceptos de instalacións e maquinaria non poderá superar o 10 % da subvención concedida para a impartición da acción formativa.

No caso de que os gastos orixinados polo aluguer de instalacións e equipamentos se imputen a unha acción formativa ao 100 % ou se repartan integramente entre varias accións formativas das concedidas á entidade, deberá achegarse cálculo detallado da imputación realizada, incluíndo a correspondente ás zonas comúns no caso de instalacións.

No caso de arrendamento financeiro (*leasing* ou *renting*) será subvencionable a parte da cota mensual, excluídos os custos financeiros.

No caso dos contratos de arrendamento que non conteñan unha opción de compra e cuxa duración sexa inferior ao período de vida útil do activo a que se refire o contrato, o arrendatario deberá poder demostrar que o arrendamento non financeiro era o método máis rendible para obter o uso dos bens. Se os custos fosen máis baixos de terse utilizado un método alternativo, os custes adicionais deduciranse do gasto subvencionable.

4. Gastos de seguro de accidente das persoas participantes.

– Pólizas de seguros subscritas en que conste debidamente identificada a prima satisfeita, así como o seu xustificante de pagamento. Non se admitirán pólizas con franquías.

5. Gastos de publicidade.

– Facturas e o seu correspondente xustificante de pagamento.



– Copia da publicidade realizada, na cal conste expresamente o financiamento pola Xunta de Galicia. Este gasto non poderá ser imputado de non facer constar o dito financiamento.

Artigo 34. *Xustificación dos custos asociados*

1. Custos de persoal de apoio:

O gasto será xustificado segundo os criterios e directrices definidos para as retribucións dos docentes internos.

2. Gastos financeiros:

– No caso de comisións, xuros e demais gastos que se produzan pola constitución da garantía bancaria, deberá achegarse copia compulsada dos documentos de constitución da dita garantía e dos gastos asociados a ela.

– Contrato coa empresa asesora ou notario no caso de gastos de asesoramento legal, así como facturas ou documentos contables de valor probatorio correspondentes.

– Documentos constitutivos do aval bancario, de ser o caso, ou contrato e cotas del.

3. Outros custos:

– Factura correspondente e xustificante do pagamento.

– Documento que recolla os criterios e cálculos realizados para a súa imputación no caso de gastos compartidos con outras actividades, de conformidade co artigo 29.9 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e, en todo caso, na medida en que tales custos correspondan ao período en que efectivamente se realiza a actividade.

Artigo 35. *Xustificación dos custos de avaliación e control da calidade da formación*

Os custos de avaliación e control, cando se refiran a persoal propio, xustificaranse segundo os criterios e directrices definidos para as retribucións dos docentes internos.

Cando se refiran a persoal alleo ou á empresa subcontratada, xustificaranse segundo os criterios e directrices definidos para o persoal ou a empresa externa docente, respectivamente.



Artigo 36. Forma de xustificar o pagamento

1. Pagamentos realizados mediante cheque: este deberá ser nominativo e achegarase copia del xunto co xustificante bancario do movemento orixinado polo seu cobramento.

2. Pagamento mediante transferencia bancaria ou ingresos en conta: acreditarase mediante a correspondente orde de transferencia con ordenante e entidade beneficiaria claramente identificados, xunto co selo identificativo da entidade bancaria ou, na súa falta, copia do extracto bancario acreditativo do cargo.

A xustificación do pagamento das retribucións en concepto de nómina deberá facerse en todo caso mediante apuntamento bancario. No caso de que os xustificantes de pagamento estean polo total das persoas traballadoras, deberá presentarse desagregación por cada persoa traballadora.

3. Pagamento mediante domiciliación bancaria: acreditarase mediante copia do cargo na conta acreditativo dos documentos de gasto que se saldan.

4. Pagamento en efectivo: copia do DNI do emisor da factura e recibo asinado e selado polo proveedor en que conste o seu número e a data de emisión e declare que recibiu o pagamento na data indicada. A xustificación do pagamento mediante efectivo só poderá aceptarse para gastos inferiores a trescentos euros.

O IVE será un gasto subvencionable sempre e cando sexa real e definitivamente soportado pola entidade beneficiaria. O IVE recuperable non será subvencionable. Para a comprobación deste dato, deberá presentarse coa liquidación o modelo 390 (declaración anual do IVE) correspondente ao último exercicio en que figure, se é o caso, a porcentaxe de redución (*pro rata*) que aplicará a Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).

As entidades non suxeitas ou exentas do IVE acreditarán documentalmente tal circunstancia

Artigo 37. Empresas vinculadas e xustificación do valor de mercado

A entidade beneficiaria estará obrigada a solicitar e achegar un mínimo de tres ofertas de diferentes provedores, non vinculados entre si, nos supostos e condicións establecidos no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e demais normativa de aplicación.



A non vinculación dos provedores entre si deberá acreditarse mediante a/s correspondente/s declaración/s responsable/s.

Artigo 38. *Contratación con empresas vinculadas*

Entenderanse por persoas e empresas vinculadas aquelas que se atopen nalgunha das situacións previstas no artigo 68.2 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 43.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En ningún caso poderá concertarse total ou parcialmente a prestación ou adquisición de servizos ou subministracións necesarios para a execución da actividade subvencionada cunha persoa ou entidade vinculada coa entidade beneficiaria, salvo que concorran as seguintes circunstancias:

- 1ª. Que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado.
- 2ª. Que se obteña a autorización previa do órgano concedente.

Artigo 39. *Liquidación*

Revisada a xustificación efectuada polas entidades beneficiarias e sempre que esta se axuste ao disposto nesta orde, a Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral emitirá certificación para poder facer efectiva a correspondente liquidación da axuda concedida.

Artigo 40. *Accións formativas*

1. O obxectivo prioritario das accións formativas reguladas na presente orde é a inserción e reinserción laboral das persoas traballadoras desempregadas naqueles empregos que require o sistema produtivo.

2. As accións formativas estarán constituídas polas especialidades formativas e polo/os módulo/os transversais.

Artigo 41. *Persoas destinatarias da formación*

1. As accións formativas irán dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas. Para tal efecto, a consideración de persoa desempregada virá determinada



pola súa inscrición como demandante no Servizo Público de Emprego de Galicia con data anterior á súa incorporación ao curso. Se durante o desenvolvemento dun curso algún alumno/a é contratado, poderá continuar asistindo á acción formativa sempre que haxa total compatibilidade entre o horario formativo e o laboral.

A comprobación da inscrición no Servizo Público de Emprego como demandante de emprego na data de alta na Seguridade Social realizaraa directamente o órgano xestor das axudas.

O órgano xestor comprobará directamente que a persoa traballadora pola que se solicita subvención carece de ocupación segundo o informe da vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social na data da súa alta no réxime xeral da Seguridade Social.

2. Terán preferencia para a participación nos cursos os seguintes colectivos de persoas desempregadas:

1º. Mulleres, especialmente aquelas que teñan a condición de vítimas de violencia de xénero, de acordo co disposto no artigo 3 do Real decreto 1917/2008, do 21 de novembro, polo que se aproba o programa de inserción sociolaboral para mulleres vítimas de violencia de xénero.

2º. Persoas desempregadas de longa duración.

3º. Menores de 30 anos, sempre que pertencen, ademais, a algún dos colectivos que se relacionan a seguir.

4º. Persoas con discapacidade e persoas que teñan subscrito e vixente un itinerario personalizado de inserción.

5º. Persoas en risco de exclusión social, entendéndose como tales aquelas en que conorra algún dos factores ou situacións enumeradas no artigo 2 do Decreto 156/2007, do 19 de xullo, sempre que tal situación sexa certificada polos servizos sociais públicos correspondentes.

6º. Persoas con baixa cualificación, entendéndose como tales aquelas que non estean en posesión dun carné profesional, certificado de profesionalidade de nivel 2 ou 3, título de formación profesional ou dunha titulación universitaria.

7º. Persoas que teñan superados un ou varios módulos dun certificado de profesionalidade ou que obtivesen acreditacións parciais mediante o procedemento de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral.



3. No caso de empate no proceso de determinación das persoas traballadoras desempregadas que participarán nos cursos, acudirase aos seguintes criterios de desempate, pola orde que se indica a seguir:

1º. Tempo en que leven sen participar en accións formativas no marco da formación profesional para o emprego.

2º. Tempo que levan inscritas como demandantes de emprego.

Artigo 42. *Selección do alumnado*

1. As persoas alumnas que asistan ás accións formativas a que se refire esta orde deberán ser seleccionadas a través do seguinte procedemento:

a) Con 15 días hábiles de anticipación á realización da proba de selección, as entidades beneficiarias solicitarán directamente á oficina de emprego que corresponda, mediante o impreso normalizado establecido para o efecto, unha listaxe de persoas desempregadas que se adecúen ao perfil requirido para a realización de cada curso, en función dos requisitos de acceso do alumnado ao curso, especificados na normativa aplicable ou na programación correspondente.

b) A oficina de emprego, mediante sondaxe entre as persoas demandantes de emprego inscritas no Servizo Público de Emprego, seleccionará dúas persoas por praza vacante en cada curso e convocará, mediante calquera medio que acredite a súa recepción de conformidade coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ás persoas demandantes preseleccionadas para que asistan á proba de selección que deberá realizar a entidade beneficiaria. Esta proba de selección deberá ser visada previamente pola oficina de emprego. A entidade beneficiaria non debe predeterminar o colectivo a que vai dirixido o curso, e limitarase a identificar os requisitos de acceso do alumnado.

c) Remitida a listaxe á entidade solicitante, esta procederá á selección do alumnado preseleccionado mediante a realización das probas que considere pertinentes, de conformidade cos criterios predeterminados na solicitude, que deberán poñerse en coñecemento das persoas candidatas antes da súa realización. Tamén poderán participar nas ditas probas aquelas persoas traballadoras ocupadas que tivesen solicitado a súa participación na acción formativa ante a entidade beneficiaria. Da selección levantarase a correspondente acta no modelo normalizado establecido para o efecto.



Na realización das probas poderá estar presente un representante da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

A acta de selección, cuberta en todos as epígrafes do modelo normalizado, remitirase á oficina de emprego, xunto coa documentación que acredite o cumprimento dos criterios de acceso, nos supostos de especialidades correspondentes a novos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3, e non será posible iniciar o curso ata que a antedita oficina dea o visto e prace á selección realizada.

d) As persoas demandantes propostas pola oficina de emprego só poderán ser rexeitadas para a realización do curso cando concorran causas que así o determinen e sexan fidedignamente xustificadas pola entidade beneficiaria e neste sentido sexa apreciado pola oficina de emprego propoñente. Se se detecta o inicio dun curso sen que a selección do alumnado fose autorizada pola oficina de emprego, este será cancelado.

e) No caso de que transcorran 15 días naturais desde a petición de persoas candidatas por parte da entidade beneficiaria e a oficina de emprego non remita persoas demandantes de emprego, ou as enviadas sexan insuficientes, a oficina de emprego deberá tentar novas sondaxes entre persoas demandantes de emprego inscritas no Servizo Público de Emprego, que non respondan aos criterios que empregou na sondaxe inicial.

Se a pesar do anterior, non se cobren as prazas, deberase realizar a correspondente convocatoria pública mediante anuncio nun dos xornais de maior tiraxe da provincia.

Estes anuncios deberán cumprir cos seguintes requisitos:

i. Todas as convocatorias públicas para a selección de alumnado que se fagan mediante anuncio en prensa deberán publicarse en domingo. Excepcionalmente, estes anuncios poderán publicarse en día distinto a domingo, logo de autorización da correspondente oficina de emprego en función da localización da sede ou centro de traballo da empresa beneficiaria.

ii. Os anuncios cubriranse en modelo normalizado, no que necesariamente deberá facerse constar o financiamento da acción por parte da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria, e debe figurar neles o logotipo da Xunta de Galicia. Especificarase claramente, como mínimo, a entidade beneficiaria, as vacantes existentes, o curso de que se trata, o perfil requirido do alumnado, o enderezo e o teléfono do lugar de realización das probas de selección, así como a data e a hora.



iii. O custo dos anuncios que non se adapten aos requisitos establecidos nesta orde ou a calquera outro que puiden establecer a Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral non será aboado con cargo ás axudas previstas.

iv. Todos os anuncios deberán ser visados e autorizados pola oficina de emprego correspondente. Calquera excepción a esta norma deberá ser autorizada pola Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.

f) Da selección darase conta á oficina de emprego encargada da preselección do alumnado.

g) O alumnado que realizase un curso e teña dereito a diploma non poderá volver realizar outro curso da mesma especialidade. No caso de detectarse esta circunstancia, deberán ser dados de baixa.

2. O alumnado en cada curso poderá variar entre un mínimo de 10 e un máximo de 15, e non poderá iniciarse a acción formativa se non se reúne un mínimo de 10 persoas alumnas presentes o primeiro día.

No suposto de que o curso se inicie cun número mínimo de alumnos/as igual ou superior a 10 pero inferior ao número referido na solicitude, deberá completarse o dito número ata o solicitado dentro do primeiro cuarto de duración temporal da acción formativa; no caso contrario, deduciranse do cómputo da subvención os/as alumnos/as que falten para completar o número de alumnado que se indicou na solicitude.

Para efectos do anterior parágrafo, considerarase como número mínimo de alumnos/as o número máis alto de alumnos/as asistentes acadado nos tres primeiros días do curso.

3. Se non se incorpora o alumnado seleccionado ou se producen baixas dentro do primeiro cuarto do curso, poderán substituírse por novas persoas alumnas, sempre que, a xuízo dos responsables da entidade beneficiaria, as persoas que se incorporen poidan seguir as clases con aproveitamento, unha vez superadas as probas de nivel correspondente, e non dificulten a aprendizaxe do grupo inicial. Cada nova alta ou baixa de alumnado que se produza no curso deberá ser comunicada á oficina de emprego correspondente no prazo máximo de 3 días hábiles desde que se produza.

Se se trata de accións formativas vinculadas a certificados de profesionalidade, unicamente se poderá incorporar alumnado durante os primeiros 5 días lectivos desde o inicio da



acción formativa, sempre que non se superase o primeiro cuarto. Superados os primeiros 5 días, só poderán incorporarse ao curso aquelas persoas alumnas que teñan pendentes un ou varios módulos formativos para finalizar a súa formación. A súa incorporación só poderá realizarse dentro dos cinco primeiros días do módulo/s formativo/s que teña pendente/s, sempre que non se superase o primeiro cuarto deste módulo. A persoa responsable da súa impartición deberá comprobar, mediante as probas e/ou a xustificación documental pertinente, o nivel da persoa alumna.

Para estes efectos, naqueles casos en que os módulos transversais se impartan con anterioridade aos módulos formativos integrantes do certificado de profesionalidade, os primeiros cinco días lectivos entenderanse referidos aos cinco primeiros días lectivos do módulo formativo integrante do certificado, non aos cinco primeiros días lectivos do módulo transversal.

4. Os cursos en que, malia intentar completarse o número de alumnos/as segundo o establecido no número 2, diminúa o número de participantes ata unha cantidade inferior ao 50 % do número referido na solicitude, agás que as baixas se produzan por colocación do alumnado, poderán ser cancelados mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.

5. Excepcionalmente, a entidade beneficiaria poderá solicitar á Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral a autorización para a selección directa do alumnado, con base nas peculiaridades dos colectivos a que se dirixe a acción formativa.

Artigo 43. *Calidade, avaliación, seguimento e control dos cursos*

1. As entidades beneficiarias deberán realizar unha avaliación e control de calidade da formación que executen. Deberán destinar a esa finalidade ata un 5 % do custo xustificado nos puntos de custos directos e asociados da acción formativa.

As actuacións realizadas en materia de avaliación polas entidades deberán comunicarse á Dirección Xeral no momento en que se efectúen, dando traslado de copia da documentación e dos resultados obtidos a través dun informe en que queden reflectidas, así como da verificación das condicións de impartición do curso e as actuacións de mellora que se teñan realizado a raíz dos resultados das accións de avaliación e control.

Deberán facer un seguimento continuo que permita a identificación de áreas de mellora e a elaboración de plans de mellora, detectando debilidades que poidan ser corrixidas den-



tro do período de realización do curso e deixando reflectidas as actuacións levadas a cabo para tal fin na memoria final.

2. Para verificar o cumprimento do disposto nesta orde, as xefaturas territoriais da Consellería correspondentes en función da provincia en que se desenvolva a formación aplicarán un sistema de seguimento e control propio. Cada acción formativa será obxecto de 3 visitas como mínimo.

3. As entidades beneficiarias deberán remitir á Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, xunto co resto da documentación exixida nesta orde, a folia de control de asistencia debidamente asinada polos técnicos de seguimento que visiten o curso. No caso de que non coincida a folia de control de asistencia que conste en poder dos técnicos coa remitida posteriormente polas entidades, presumirase a veracidade da primeira.

Artigo 44. *Especialidades formativas*

1. Os cursos serán de carácter presencial e a súa duración e horario non se poderá modificar respecto do solicitado no anexo I-B, salvo autorización expresa da persoa titular da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.

2. As especialidades formativas poderán programarse ben completas ben por módulos formativos no caso de especialidades incluídas polo Servizo Público de Emprego Estatal na programación modular. Nas especialidades formativas que dean lugar á obtención de novos certificados de profesionalidade, cando se programen todos os módulos dun certificado deberase incluír obrigatoriamente o módulo de prácticas non laborais en empresas, e non se poderá impartir o módulo de prácticas profesionais non laborais en empresas se non vai asociado a algún outro módulo formativo do curso.

3. Todas as especialidades formativas que se impartan dentro da programación de formación para o emprego deberán estar incluídas no Ficheiro de especialidades formativas do Servizo Público de Emprego Estatal e comprenderán as especificacións técnico-docentes e o contido formativo axeitado, de acordo co nivel e o grao de dificultade establecido.

4. O programa que se impartirá en cada curso será o incluído no Ficheiro de especialidades formativas do Servizo Público de Emprego Estatal.

Artigo 45. *Módulos transversais*

1. En todos os cursos subvencionados ao abeiro da presente orde será obrigatoria a impartición do módulo transversal «Inserción laboral, sensibilización ambiental e na igual-



dade de xénero» (FCOO03), de dez horas de duración, das cales cando menos dúas horas deberán referirse á igualdade de xénero, vinculada coa igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e corresponsabilidade familiar e doméstica, coa finalidade de dar cumprimento ao que preceptúa a disposición a que se refire o seguinte parágrafo.

Ademais, de conformidade co establecido no artigo 26 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma en materia de igualdade, impartírase un módulo formativo sobre igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e sobre corresponsabilidade familiar e doméstica, cunha duración de tres horas nos cursos de duración menor ou igual a cincuenta horas (FCOXXX01) e de oito horas nos cursos de duración superior a cincuenta horas (FCOXXX05).

2. A valoración económica dos módulos transversais será a mesma que a dos módulos do curso de formación en que se inclúan.

3. O alumnado que, segundo conste na aplicación informática SIFO, teña xa cursado algún módulo transversal da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, non poderá volver realizalo.

No suposto de que non figure recollida na aplicación informática SIFO a súa realización, poderán non realizalo, sempre e cando o xustifiquen documentalmente.

4. O alumnado que acredite documentalmente ter recibido formación en materia de igualdade de xénero e de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e corresponsabilidade familiar e doméstica, nos termos e polas horas referidas no número 1, quedará exento da realización dos módulos transversais correspondentes, en función das horas acreditadas.

5. Os módulos transversais deberanse impartir ao final da acción formativa, sendo o módulo de igualdade o último en impartirse. A persoa titular da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral poderá autorizar a modificación da orde de impartición.

Artigo 46. *Dereitos e deberes do alumnado*

1. A formación será gratuíta para todo o alumnado das accións formativas derivadas desta orde.

2. O alumnado terá dereito a percibir as axudas ou bolsas que estableza a Consellería de Economía, Emprego e Industria.



3. Dentro da programación de formación profesional para o emprego financiada con fondos públicos, o alumnado que resulte seleccionado para un curso non poderá asistir en ningún caso a outro simultaneamente. Tampouco poderá causar baixa nun curso para acceder a outro, salvo autorización expresa da persoa titular da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, por causas excepcionais debidamente xustificadas.

4. Terán a obriga de asistir e de seguir con aproveitamento os cursos, asinar os controis de asistencia, rexistrar a súa entrada e saída do curso no sistema de control biométrico e facilitar a documentación que lles sexa solicitada pola entidade beneficiaria, segundo o artigo 10, dentro dos 10 primeiros días lectivos.

5. Nos cursos de especialidades formativas correspondentes a novos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3, terán a obriga de presentar copia da documentación acreditativa dos requisitos de acceso para poder participar no curso. Se for o caso, tamén deben presentar a documentación acreditativa para a exención do módulo de prácticas profesionais non laborais.

6. Será causa de exclusión incorrer en máis de dúas faltas de asistencia non xustificadas nun mes ou non seguir o curso con aproveitamento segundo criterio do seu responsable.

A xustificación das faltas deberá facerse mediante documentos ou calquera outro medio que acredite de modo fidedigno o motivo da falta de asistencia. Os/as alumnos/as disporán dun prazo de tres días hábiles para presentar na entidade beneficiaria os xustificantes das súas faltas de asistencia. Unha vez transcorrido este prazo sen que os presentasen, a falta será considerada como sen xustificar. As faltas de asistencia por actividade laboral, cun máximo de cinco ao mes, xustificaranse cunha copia do contrato de traballo.

Igualmente será causa de exclusión incorrer en cinco incumprimentos horarios nun mes, sen xustificación. Enténdese por incumprimento horario tanto o atraso na hora de entrada, como o adianto na saída ou as ausencias durante parte das horas lectivas.

Mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, os/as alumnos/as, logo de audiencia, poderán ser excluídos das accións formativas, por petición da entidade beneficiaria, cando non sigan con suficiente aproveitamento a acción formativa ou dificulten o seu normal desenvolvemento. Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderán interpoñer recurso de alzada.

7. O alumnado deberá acudir á súa oficina de emprego, unha vez rematado o curso, para cancelar a suspensión da demanda.



8. Nas accións formativas de especialidades vencelladas a novos certificados de profesionalidade, os/as alumnos/as que teñan xa cursado con aproveitamento algún módulo formativo dos que integran a especialidade que estean cursando, non poderán volver realizalo, sempre que esa formación sexa acreditable para os efectos da obtención dos certificados de profesionalidade.

Artigo 47. *Diplomas*

1. Cursos non modulados.

Os/as alumnos/as que rematen os cursos con aproveitamento, sempre que asistisen como mínimo ao 75 % da especialidade formativa, recibirán un diploma oficial, no modelo que se elaborará na Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.

Así mesmo, terán dereito ao diploma os/as alumnos/as que causen baixa no curso por colocación, cando o docente coide que teñen os coñecementos equivalentes ao nivel do curso e asistisen, como mínimo, ao 75 % das horas lectivas.

2. Cursos modulados.

Os/as alumnos/as que rematen con aproveitamento un ou varios módulos formativos dun curso, independentemente de que se programase a especialidade completa ou modularmente, e sempre que asistan como mínimo ao 75 % das súas horas lectivas, recibirán un diploma oficial acreditativo desta circunstancia, que será elaborado pola Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.

Así mesmo, terán dereito ao diploma os/as alumnos/as que causen baixa no curso por colocación cando o docente coide que teñen os coñecementos e capacidades correspondentes ao nivel de cada módulo formativo e asistisen, como mínimo, ao 75 % das horas lectivas del. No caso dos novos certificados de profesionalidade tamén terá que ter superado coa cualificación de apto a avaliación continuada do módulo formativo realizada polo docente e o exame previsto no artigo 19 da Orde ESS/1897/2013, do 10 de outubro.

3. Nos dous casos anteriores, os/as alumnos/as que non teñan dereito a diploma poderán recibir, se o solicitan, unha certificación polas horas e/ou módulos a que asistisen.

4. Dentro do programa do curso, que debe figurar na parte posterior do diploma, figurará separadamente do resto do programa os módulos de formación complementaria impartidos pola entidade beneficiaria en cada curso, así como a súa duración e horas, no caso de que o/a alumno/a teña a obriga de facer estes módulos.



Artigo 48. Prácticas non laborais**1. Disposicións comúns:**

1.1. As prácticas incluídas no programa formativo poderán desenvolverse, de acordo cos requisitos do programa e respectando a súa duración, en centros de traballo da entidade beneficiaria ou nos lugares en que esta desenvolva a súa actividade. Os gastos que deriven da súa realización deberán imputarse ao orzamento do curso en que están incluídas.

1.2. O procedemento que se seguirá para a súa xestión é o seguinte:

Con dez días hábiles de anticipación á data prevista para a realización das prácticas, a entidade beneficiaria presentará a correspondente comunicación á Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, xuntando a seguinte documentación:

- Sistema de titorías para o seu seguimento e avaliación.
- Datas, lugar de realización, horario e duración.
- Documento que acredite a vixencia do seguro de accidentes do alumnado que cubra os riscos do curso. Deberá incluír os riscos do traxecto ao lugar de realización das prácticas e contraerese estritamente durante o período de duración das prácticas.
- Documento que acredite a contratación por parte da entidade beneficiaria dunha póliza de responsabilidade civil para facer fronte aos riscos que para os bens e as persoas poidan derivar da realización das prácticas en empresas. Non se admitirán pólizas con franquías.
- Licenza municipal de apertura da actividade de que se trate ou, na súa falta, declaración responsable do seu representante legal en que se faga constar a idoneidade dos locais de impartición onde se van desenvolver as prácticas.
- Xustificación de que o centro en que se realizarán as prácticas cumpre coa normativa de prevención de riscos laborais.

A entidade beneficiaria deberá introducir no SIFO os datos relativos ao alumnado que desenvolva o módulo de prácticas.

1.3. As empresas onde teñan lugar as prácticas deberán reunir os requisitos establecidos no programa da especialidade da cal se van realizar as prácticas.



1.4. As entidades beneficiarias deberán imputar os gastos por este concepto como custos directos.

1.5. A duración das prácticas non pode exceder en ningún caso a duración da parte práctica que se fixa no programa formativo e non poderán rematar con posterioridade á finalización do curso.

1.6. Antes do comezo das prácticas, a entidade beneficiaria da subvención porá en coñecemento da Inspección de traballo unha relación do alumnado que vai realizar as prácticas e os nomes dos centros en que as realizarán, as localidades, as datas e o horario de realización.

1.7. As empresas en que se realicen as prácticas comunicarán á representación legal dos traballadores na empresa unha relación do alumnado que vai realizar as prácticas, as datas e o horario de realización.

1.8. As prácticas que realice o alumnado de formación profesional para o emprego non suporán en ningún caso a existencia de relación laboral entre os/as alumnos/as e as empresas.

1.9. Unha vez comunicadas as prácticas, os centros e entidades deberán comunicar ao órgano competente calquera incidencia que se produza no seu desenvolvemento.

2. Módulo de formación práctica en centros de traballo nas accións formativas vinculadas á obtención dos certificados de profesionalidade:

2.1. A impartición do módulo de formación práctica en centros de traballo nas accións formativas vinculadas á obtención dos certificados de profesionalidade axustarase aos requisitos antes mencionados, ao establecido na Orde ESS/1897/2013, do 10 de outubro, e ao estipulado no Real decreto regulador de cada certificado de profesionalidade.

2.2. O alumnado só poderá realizar o módulo de prácticas unha vez superados o resto dos módulos formativos do certificado de profesionalidade. O módulo de formación práctica en centros de traballo deberá iniciarse nun prazo non superior a catro meses naturais desde a finalización do último módulo formativo. Para determinados certificados de profesionalidade que pola súa natureza presenten dificultades para o cumprimento do antedito prazo, poderá solicitarse á Administración competente unha autorización para a súa ampliación, e deberá estar, en todo caso, finalizado o 15 de decembro de 2017.



2.3. A persoa titora deste módulo será a designada pola entidade beneficiaria entre o persoal formador ou titores-formadores que impartisen os módulos formativos do certificado de profesionalidade correspondente.

2.4. Se as persoas responsables da titorización das prácticas e do resto dos módulos son distintas, acordarán o programa formativo deste módulo. Para establecer o programa formativo consideraranse as capacidades, criterios de avaliación e contidos establecidos para este módulo no certificado de profesionalidade. O dito programa debe incluír criterios para a avaliación, observables e medibles, e recoller, polo menos, a información que se indica no anexo VIII da Orde ESS/1897/2013, do 10 de outubro, pola que se desenvolve o Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade, e os reais decretos polos que se establecen certificados de profesionalidade ditados na súa aplicación.

2.5. O seguimento e a avaliación dos alumnos realizarase conxuntamente pola persoa responsable da titorización das prácticas e do resto dos módulos se son distintas e refléctirase documentalmentemente para efectos da certificación da formación.

2.6. O alumnado que supere o módulo de prácticas recibirá unha certificación asinada pola persoa titora da formación e a persoa titora das prácticas, segundo o modelo que figura no anexo IX da Orde ESS/1897/2013, do 10 de outubro.

CAPÍTULO III

Programa de incentivos á actividade laboral vinculada ás accións formativas con compromiso de contratación inmediata (TR349X)

Sección 1ª. Disposicións xerais

Artigo 49. Ámbito temporal de aplicación e contratacións subvencionables

1. Serán subvencionables ao abeiro deste programa as contratacións realizadas polas entidades beneficiarias das subvencións reguladas no capítulo II que superen o compromiso de contratación do 60 % do alumnado formado segundo se define no artigo 3.c) desta orde.

2. Os incentivos previstos neste programa serán de aplicación ás contratacións indefinidas iniciais e temporais que realicen as empresas e as persoas empregadoras con persoas desempregadas participantes nos proxectos de acción formativa con compromiso de contratación, formalizadas ata o 15 de decembro de 2017.



Artigo 50. Procedemento de instrución e concesión

1. O procedemento de concesión das solicitudes presentadas ao abeiro desta orde axustarase ao disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que polo obxecto e finalidade da subvención non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento.

2. O órgano instrutor dos expedientes será o Servizo de Emprego por Conta Allea da Secretaría Xeral de Emprego.

3. Se a solicitude non estiver debidamente cuberta ou non se achegar a documentación exixida, a unidade administrativa encargada da tramitación do expediente requirirá ao interesado para que, nun prazo máximo e improrrogable de 10 días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así non o fixer, se considerará que desiste da súa petición, logo de resolución que será ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4. Entenderase que a empresa desiste da súa solicitude cando a persoa traballadora pola cal se solicita subvención cause baixa na empresa solicitante en data anterior á resolución da concesión da axuda. A empresa solicitante está obrigada a comunicar esta situación ao órgano ante o cal solicitou a axuda.

Sección 2ª. Contratación indefinida inicial**Artigo 51. Requisitos**

1. Como consecuencia da contratación indefinida inicial pola cal se solicita subvención ten que incrementarse o cadro de persoal fixo da empresa, no ámbito territorial de Galicia, respecto ao mes anterior ao mes de realización da contratación pola cal se solicita subvención.

2. Como consecuencia da contratación indefinida que se fomenta, ten que incrementarse o emprego neto da empresa no ámbito territorial de Galicia, respecto ao mes anterior ao mes de realización da contratación pola cal se solicita subvención.

3. Para o cálculo do incremento do cadro de persoal fixo e neto non se computarán as persoas traballadoras fixas cuxo contrato de traballo se extinga por causas obxectivas ou por despedimento disciplinario que non sexan declarados improcedentes ou cuxas baixas



se producen por dimisión da persoa traballadora ou por morte, xubilación, incapacidade permanente total ou absoluta ou grande invalidez legalmente recoñecidas ou por resolución durante o período de proba.

No caso de que no mes anterior á contratación pola que se solicita a subvención coincida con períodos de inactividade de persoas traballadoras fixas-descontinuas, estas computaranse como persoal fixo.

4. A xornada da contratación indefinida inicial a tempo parcial deberá ser, como mínimo, do 50 % da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, na súa falta, da xornada máxima legal.

5. As contratacións polas cales se solicita subvención deberán formalizarse e comunicarse á oficina pública de emprego na forma regulamentariamente establecida.

Artigo 52. *Contías dos incentivos*

1. As contratacións indefinidas iniciais incentivaranse cunha axuda de 7.000 euros. Esta contía incrementarase ata 9.000 euros no suposto de que a persoa contratada sexa muller, persoa discapacitada ou unha persoa en que concorran algún dos factores de exclusión social recollidos no artigo 3 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.

2. A contía do incentivo será proporcional ao tempo efectivo de traballo en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, na súa falta, da xornada ordinaria máxima legal.

3. Os beneficios establecidos á contratación neste capítulo non poderán, en concorrencia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 100 % do custo salarial de dúas anualidades correspondentes ao contrato que se subvenciona.

Artigo 53. *Exclusións*

Exclúense dos beneficios regulados neste programa:

1. As relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores ou noutras disposicións legais, así como as contratacións de traballadores ou traballadoras para prestaren servizos noutras empresas mediante contratos de posta á disposición.



2. Os contratos realizados co cónxuxe, os ascendentes, os descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, da empresaria ou empresario ou das persoas que teñan cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos. Non será aplicable esta exclusión cando a persoa empregadora sexa unha persoa traballadora autónoma que contrate como persoa traballadora por conta allea os fillos e fillas menores de 30 anos, tanto se conviven ou non con ela, ou cando se trate dunha persoa traballadora autónoma sen persoas asalariadas e contrate un só familiar menor de 45 anos que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo.

3. As contratacións realizadas con persoas traballadoras que nos 24 meses anteriores á data da contratación prestasen servizos na mesma empresa ou única empresa, segundo o establecido no artigo 2 do Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, mediante un contrato de carácter indefinido, ou nos últimos 3 meses mediante un contrato de carácter temporal ou mediante un contrato formativo, de revezamento ou de substitución por anticipación da idade de xubilación. O disposto neste parágrafo será tamén de aplicación no suposto de vinculación laboral anterior do traballador ou da traballadora con empresas ás cales a persoa solicitante dos beneficios sucedese en virtude do establecido no artigo 44 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro.

4. As persoas traballadoras que rematen unha relación laboral de carácter indefinido noutra empresa nun prazo de 3 meses previos á formalización do contrato polo cal se solicita a subvención, agás que a dita relación laboral finalizase por causa dun despedimento recoñecido ou declarado improcedente ou se extinga por algunha das causas sinaladas nos artigos 49.1.g), 51 e 52.c) do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro.

Artigo 54. *Solicitudes e documentación*

As solicitudes deberán presentarse no modelo normalizado que figura como anexo II-A, xunto coa seguinte documentación ou copia compulsada ou cotexada:

1. No caso de denegar a consulta dos datos de identidade da persoa representante da entidade no Sistema de verificación de datos de identidade, de acordo co disposto no Decreto 255/2008, do 23 de outubro, copia do DNI ou do NIE.

NIF da empresa no caso de que se denegue expresamente a súa consulta para a súa verificación a través do servizo de interoperabilidade correspondente no formulario de solicitude e poder suficiente para actuar en nome da entidade.



2. Declaración do cadro de persoal, neto e fixo, de todos os centros de traballo da empresa en Galicia no mes anterior ao mes de inicio da relación laboral da persoa traballadora contratada pola cal se solicita subvención (anexo II-B).

3. Relación nominal das persoas traballadoras polas cales se solicita subvención en que se inclúan os custos salariais anuais de cada persoa traballadora pola cal se solicita subvención (anexo II-D) e a nómina do mes de contratación.

4. Documento TC2 ou equivalente correspondente á mensualidade anterior ao mes de realización da contratación e, se é o caso, documento TC2 ou equivalente correspondente á mensualidade da contratación obxecto de solicitude de subvención.

Se é o caso, documentos acreditativos das baixas previstas no artigo 51.3 desta orde.

Artigo 55. *Xustificación e pagamento*

1. De non achegarse con anterioridade, o pagamento das subvencións quedará condicionado á presentación da documentación xustificativa para o pagamento no prazo, nos termos e no modo establecido na resolución de concesión e, en todo caso, antes do 20 de decembro de 2017. Excepcionalmente, e por causas debidamente xustificadas, o órgano concedente poderá outorgar unha ampliación do prazo establecido para a presentación da xustificación que non exceda a metade deste. O acordo de ampliación deberá ser notificado ás persoas ou entidades beneficiarias:

a) Documento TC2 ou equivalente correspondente á mensualidade da contratación obxecto de subvención.

b) Declaración complementaria da presentada coa solicitude, do conxunto das axudas solicitadas, tanto aprobadas ou concedidas como pendentes de resolución, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou doutros entes públicos ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo do anexo II-E.

c) Se é o caso, extracto do balance provisional contable da entidade beneficiaria, asinado e selado, que permita verificar a contabilidade separada dos gastos subvencionados e da subvención concedida. Os documentos contables que se achegen deben incluír as contas ou as subcontas en que se contabilizaron os gastos imputados, as datas e os números dos asentos contables. Estes documentos contables poden ir acompañados dunha breve explicación sobre a sistemática de contabilización dos gastos.



2. Non poderá realizarse o pagamento da subvención en canto a entidade beneficiaria non estea ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social ou teña pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou sexa debedora en virtude de resolución firme declarativa de procedencia de reintegro.

Artigo 56. Obrigas das entidades beneficiarias

1. Manter no seu cadro de persoal fixo as persoas traballadoras subvencionadas durante un período de 2 anos contado desde a data de realización da contratación.

No suposto de extinción da relación laboral dalgunha persoa traballadora pola cal se concedeu a subvención, a empresa está obrigada a cubrir a vacante cunha nova contratación indefinida inicial, polo menos cunha xornada de traballo igual á anterior, e a persoa traballadora substituta deberá ter a condición de alumno formado e aprobado segundo o artigo 3.c) desta orde. Esta substitución deberá realizarse ata o último día do mes seguinte ao da baixa subvencionada. Esta nova contratación deberá serlle comunicada ao órgano que concedeu a axuda e non dará lugar, en ningún caso, a unha nova subvención. No caso de non ser posible a contratación anterior, deberá ofertar a cobertura do posto ao resto do alumnado formado.

No caso de non ser posible a contratación do alumnado formado, deberá solicitar da oficina de emprego unha listaxe de persoas candidatas que posúa e acredite unha formación igual ou equivalente para o correcto desenvolvemento do posto de traballo.

Excepcionalmente, a entidade poderá solicitar á Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral a autorización para a selección directa de persoas candidatas, sempre e cando acrediten unha formación igual ou equivalente á que se require para o correcto desenvolvemento do posto de traballo.

2. Unha vez finalizado o período dos dous anos do cumprimento desta obriga, corresponderá á Secretaría Xeral de Emprego levar a cabo a función de control das subvencións concedidas, así como a avaliación e seguimento deste programa.

Para iso, o beneficiario está obrigado a presentar, nos tres meses seguintes ao remate deste prazo, as nóminas das 24 mensualidades correspondentes a cada traballador subvencionado e os documentos bancarios de transferencia acreditativos do seu pagamento.



3. As entidades beneficiarias estarán obrigadas a acreditar, con independencia da contía da subvención, tanto antes de ditarse a resolución de concesión como de proceder ao cobramento das subvencións, que están ao día nas súas obrigas tributarias e sociais e que non teñen pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou estaea ao día no pagamento de obrigas por reintegro de acordo co disposto no artigo 9 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Artigo 57. *Reintegro*

Procederá o reintegro da axuda cando se produza algunha das seguintes circunstancias:

Cando a entidade beneficiaria incumpra a obriga establecida no artigo 56.1 deste capítulo, por cada contratación subvencionada e non substituída conforme o establecido na antedito artigo, procederá o reintegro da axuda concedida pola persoa traballadora de que se trate.

Neste suposto hai que diferenciar entre o reintegro total, cando non se leve a cabo a substitución da persoa traballadora que causou baixa ou se substituíse cunha persoa que non cumpra os requisitos do artigo 56.1, e o reintegro parcial, que procederá nos seguintes casos:

a) Se se efectuou a substitución pero esta non foi feita no prazo anteriormente indicado.

O cálculo da contía que se reintegrará parcialmente farase do seguinte xeito:

i. Divídese entre vinte e catro meses a subvención concedida.

ii. Calcúlase o número de meses que o posto estivo vacante, computado para estes efectos o prazo que se concede para proceder á substitución. Así mesmo, o mes en que se leve a cabo a substitución considerarase como mes de incumprimento, sexa cal for o día do dito mes en que aquela se realice.

iii. E multiplícase o importe obtido na primeira operación (i) polo número de meses en que o posto de traballo estivese vacante.

b) Se se efectuou a substitución, pero esta non foi feita polo menos cunha xornada de traballo igual ao da persoa que causou baixa ou no suposto dunha modificación da xornada de traballo da persoa contratada e subvencionada.



Procederá o reintegro parcial da axuda concedida pola diferenza entre a cantidade percibida e a cantidade que correspondería pola xornada inferior e o cálculo da contía que se reintegrará farase do seguinte xeito:

i. Divídese entre vinte e catro meses o importe concedido pola persoa traballadora de que se trate.

ii. Calcúlase a subvención que lle correspondería en función da nova xornada de traballo e divídese entre vinte e catro meses.

iii. Á contía obtida na operación primeira (i) réstaselle a contía obtida na operación segunda (ii).

iv. O resultado multiplícase polo número de meses que resten ata cumprir os vinte e catro, tendo en conta que o mes en que se leve a cabo a substitución será computado entre os meses con xornada inferior, sexa cal for o día do dito mes en que aquela se realice.

Sección 3ª. Incentivos á contratación temporal

Artigo 58. Requisitos

1. Os incentivos previstos neste programa serán de aplicación a todas as modalidades contractuais de carácter temporal, excluído o contrato para a formación e aprendizaxe.

2. Os contratos temporais terán unha duración inicial mínima de 6 meses, agás o contrato en prácticas realizado conforme o artigo 11 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, que terá unha duración inicial mínima de 12 meses.

3. Como consecuencia da contratación temporal pola que se solicita a subvención, ten que incrementarse o emprego neto da entidade solicitante no ámbito territorial de Galicia respecto ao mes anterior ao mes de realización da contratación pola cal se solicita a subvención.

Para o cálculo do incremento do cadro de persoal non se computarán as persoas traballadoras cuxo contrato de traballo se extingue por causas obxectivas ou por despedimento disciplinario que non sexan declarados improcedentes ou cuxas baixas se producisen por dimisión da persoa traballadora ou por morte, xubilación, incapacidade permanente total ou absoluta ou grande invalidez legalmente recoñecidas ou por finalización do contrato.



4. As contratacións polas cales se solicita subvención deberán formalizarse e comunicarse á oficina pública de emprego na forma regulamentariamente establecida.

5. A xornada da contratación temporal a tempo parcial deberá ser, como mínimo, do 50 % da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, na súa falta, da xornada máxima legal.

Artigo 59. *Contías dos incentivos*

1. Os contratos temporais, agás o contrato en prácticas, incentivaranse cunha axuda de 200 euros por cada mes completo de duración do contrato ata un máximo de 12 mensualidades. Esta contía incrementarase en 20 euros mensuais no suposto de que a persoa contratada sexa muller, persoa discapacitada ou unha persoa en que concorran algún dos factores de exclusión social recollidos no artigo 3 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.

2. Os contratos en prácticas incentivaranse cunha axuda de 4.000 euros. Esta contía incrementarase en 1.000 euros no suposto de que a persoa contratada sexa muller.

3. Os beneficios establecidos á contratación neste programa non poderán, en concorrencia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 100 % do custo salarial das mensualidades obxecto de subvención.

Artigo 60. *Exclusións*

Exclúense dos beneficios regulados neste programa:

1. As relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores ou noutras disposicións legais, así como as contratacións de traballadores ou traballadoras para prestaren servizos noutras empresas mediante contratos de posta á disposición.

2. Os contratos realizados co cónxuxe, os ascendentes, os descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, da empresaria ou empresario ou das persoas que teñan cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos. Non será aplicable esta exclusión cando a persoa empregadora sexa unha persoa traballadora autónoma que contrate como persoa traballa-



dora por conta allea os fillos e fillas menores de 30 anos, tanto se conviven ou non con ela, ou cando se trate dunha persoa traballadora autónoma sen persoas asalariadas e contrate un só familiar menor de 45 anos que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo.

3. As contratacións realizadas con persoas traballadoras que nos 24 meses anteriores á data da contratación prestasen servizos na mesma empresa ou única empresa, segundo o establecido no artigo 2 do Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, mediante un contrato de carácter indefinido, ou nos últimos 3 meses mediante un contrato de carácter temporal ou mediante un contrato formativo, de revezamento ou de substitución por anticipación da idade de xubilación. O disposto neste parágrafo será tamén de aplicación no suposto de vinculación laboral anterior do traballador ou da traballadora con empresas ás cales a persoa solicitante dos beneficios sucedese en virtude do establecido no artigo 44 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro.

4. As persoas traballadoras que rematen unha relación laboral de carácter indefinido noutra empresa nun prazo de 3 meses previos á formalización do contrato polo que se solicita a subvención, agás que a dita relación laboral finalizase por causa dun despedimento recoñecido ou declarado improcedente ou se extinga por algunha das causas sinaladas nos artigos 49.1.g), 51 e 52.c) do Estatuto dos traballadores.

Artigo 61. *Solicitudes e documentación*

As solicitudes deberán presentarse no modelo normalizado que figura como anexo II-A, xunto coa seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada ou cotexada:

1. No caso de que se denegue a consulta dos datos de identidade da persoa representante da entidade no Sistema de verificación de datos de identidade, de acordo co disposto no Decreto 255/2008, do 23 de outubro, copia do DNI ou do NIE.

NIF da empresa no caso de que se denegue expresamente a súa consulta para a súa verificación a través do servizo de interoperabilidade correspondente no formulario de solicitude e poder suficiente para actuar en nome da entidade.

2. Declaración do cadro de persoal de todos os centros de traballo da empresa en Galicia no mes anterior ao mes de inicio da relación laboral da persoa traballadora contratada, segundo o modelo do anexo II-C.

3. Relación nominal das persoas traballadoras polas cales se solicita subvención, con indicación do suposto e tipo de axuda que se solicita na cal se inclúan os custos salariais



totais anuais de cada persoa traballadora pola que se solicita subvención, segundo o modelo do anexo II-D e a nómina do mes de contratación.

4. Documento TC2 ou equivalente correspondente á mensuralidade anterior ao mes de realización da contratación e, se é o caso, documento TC2 ou equivalente correspondente a mensuralidade da contratación obxecto de solicitude de subvención.

Se é o caso, documentos acreditativos das baixas previstas no artigo 58.3.

Artigo 62. *Xustificación e pagamento*

1. De non achegarse con anterioridade, o pagamento das subvencións quedará condicionado á presentación da documentación xustificativa para o pagamento no prazo, nos termos e no modo establecido na resolución de concesión e, en todo caso, antes do 20 de decembro de 2017. Excepcionalmente, e por causas debidamente xustificadas, o órgano concedente poderá outorgar unha ampliación do prazo establecido para a presentación da xustificación que non exceda a metade deste. O acordo de ampliación deberá ser notificado ás persoas ou entidades beneficiarias:

a) Documento TC2 ou equivalente correspondente á mensuralidade da contratación obxecto de subvención.

b) Declaración complementaria da presentada coa solicitude, do conxunto das axudas solicitadas, tanto aprobadas ou concedidas como pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo do anexo II-E.

c) Se é o caso, extracto do balance provisional contable da entidade beneficiaria, asinado e selado, que permita verificar a contabilidade separada dos gastos subvencionados e da subvención concedida. Os documentos contables que se achegen deben incluír as contas ou as subcontas en que se contabilizaron os gastos imputados, as datas e os números dos asentos contables. Estes documentos contables poden ir acompañados dunha breve explicación sobre a sistemática de contabilización dos gastos.

2. Non poderá realizarse o pagamento da subvención en canto a entidade beneficiaria non estea ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social ou teña pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública



da comunidade autónoma ou sexa debedora en virtude de resolución firme declarativa de procedencia de reintegro.

Artigo 63. *Obrigas das entidades beneficiarias*

1. Manter no seu cadro de persoal a persoa traballadora contratada polo período de duración do contrato obxecto de subvención.

No suposto de extinción da relación laboral dunha persoa traballadora pola cal se concedeu a subvención, a entidade beneficiaria está obrigada a cubrir a vacante cunha nova contratación temporal, polo menos cunha xornada de traballo en tempo de dedicación igual á anterior, e a persoa traballadora substituta deberá ter a condición de alumno formado e aprobado segundo o artigo 3.c) desta orde. Esta substitución deberá realizarse ata o último día do mes seguinte ao da baixa subvencionada. Esta nova contratación deberá serlle comunicada ao órgano que concedeu a axuda e non dará lugar, en ningún caso, a unha nova subvención. No caso de non ser posible a contratación anterior, deberá ofertar a cobertura do posto ao resto do alumnado formado.

No caso de non ser posible a contratación do alumnado formado, deberá solicitar da oficina de emprego unha listaxe de persoas candidatas que posúa e acredite unha formación igual ou equivalente para o correcto desenvolvemento do posto de traballo.

Excepcionalmente, a entidade poderá solicitar á Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral a autorización para a selección directa de persoas candidatas, sempre e cando acrediten unha formación igual ou equivalente á que se require para o correcto desenvolvemento do posto de traballo.

2. Unha vez finalizado o período de cumprimento desta obriga, corresponderá á Secretaría Xeral de Emprego levar a cabo a función de control das subvencións concedidas, así como a avaliación e seguimento deste programa.

Artigo 64. *Reintegro*

1. Entenderase que se produce un incumprimento parcial e, por tanto, procederá o reintegro parcial das axudas, cando a persoa traballadora non sexa substituída pola empresa unha vez que transcorrese a duración mínima do contrato para que este poida ser subvencionado. O cálculo da contía que se reintegrará farase en función dos meses en que a persoa traballadora estivo na empresa en relación coa duración total do contrato obxecto de subvención.



2. Entenderase que se produce un incumprimento total e, por tanto, procederá o reintegro total dos incentivos cando a persoa traballadora subvencionada cese na súa relación laboral antes de que transcorra o período mínimo de subvención e a empresa non proceda a substituílo.

Disposición adicional primeira. *Delegación de competencias*

Apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Economía, Emprego e Industria na persoa titular da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral e na persoa titular da Secretaría Xeral de Emprego no ámbito das súas respectivas competencias, para a autorización, disposición, recoñecemento da obriga e proposta de pagamento das subvencións reguladas nesta orde, así como para resolver a súa concesión, denegación, modificación, reintegro ou outras incidencias das citadas subvencións.

Disposición adicional segunda. *Información sobre a xestión de subvencións*

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

A BDNS dará traslado ao *Diario Oficial de Galicia* do extracto da convocatoria para a súa publicación.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento da orde*

Facúltase a persoa titular da Secretaría Xeral de Emprego e a persoa titular da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral para ditaren, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2017

Francisco José Conde López
Conselleiro de Economía, Emprego e Industria




XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
 EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO I-A

PROCEDIMENTO ACCIÓNES FORMATIVAS CON COMPROMISO DE CONTRATACIÓN DIRIXIDAS PRIORITARIAMENTE ÁS PERSOAS TRABALLADORAS DESEMPREGADAS	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO TR301P	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	-------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE								
RAZÓN SOCIAL							NIF	
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA				NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
PARROQUIA	LUGAR							
CP	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE				
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO						

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
CARGO			

DATOS PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Notifíquese a: <input type="radio"/> Persoa solicitante <input type="radio"/> Persoa representante	
Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia Notific@, https://notifica.xunta.gal . Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada. Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS	
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.	
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
	IBAN

DATOS DA PERSOA DE CONTACTO PA A TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	

SUBVENCIÓN SOLICITADA	
Solicítanse as accións formativas que se relacionan a seguir por orde de preferencia:	
ESPECIALIDADE FORMATIVA	CÓDIGO DA ESPECIALIDADE COMPLETA OU DOS MÓDULOS FORMATIVOS SOLICITADOS




XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
 EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO I-A
 (continuación)

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA

1. Que a entidade solicitante cumpre os requisitos establecidos para obter a condición de beneficiario segundo o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 13.2 e 3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. En relación coa actividade subvencionada:

- Non solicitou outras axudas ata o día da data.
 Si presentou solicitude doutras axudas, pero NON foron concedidas ata o día da data.
 Si obtivo axudas nos seguintes organismos ata o día da data:

ORGANISMO PÚBLICO/ ENTIDADE PRIVADA	LIÑA DE AXUDA	SUBVENCIÓN SOLICITADA	SUBVENCIÓN CONCEDIDA	DATA DE SOLICITUDE OU CONCESIÓN

Así mesmo, a entidade solicitante comprométese a comunicar cantas solicitudes de subvención relacionadas coa actividade subvencionada na presente orde tramite en calquera organismo público, a partir da data de hoxe.

3. Que son certos cantos datos figuran na presente solicitude, que coñece as estipulacións da presente orde, que cumpre os requisitos sinalados na orde que regula, que se compromete a destinar o importe da axuda ao obxecto da subvención indicada e que consente a cesión de datos para os efectos previstos nesta convocatoria.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- Documentación acreditativa da capacidade legal suficiente para asinar a solicitude, en nome e representación da entidade.
 Ficha do curso de formación profesional para o emprego (anexo I-B).
 Anexo I-C, no cal figurará o número de persoas traballadoras da empresa, tanto con contrato indefinido como totais, no mes en curso da presentación da solicitude e nos 12 meses anteriores á data de solicitude do curso.
 Compromiso de contratación asinado polo/s representante/s da/s empresa/s vinculada/s inicialmente no proxecto presentado.
 Programa formativo elaborado pola propia entidade (para as especialidades vinculadas a novos certificados de profesionalidade, tomando como base o contido do correspondente certificado de profesionalidade e seguindo a estrutura dun curso normalizado de formación profesional para o emprego).
 Convenio ou acordo coa empresa ou empresas en que realizará o módulo de prácticas profesionais non laborais en empresas incluída no certificado de profesionalidade.
 Relación detallada de dotacións e equipamentos, medios materiais que se van utilizar no seu desenvolvemento e unha descrición das aulas e talleres, indicando metros cadrados, condicións de luminosidade, de seguridade, etc., xuntando planos.
 Programa formativo elaborado pola propia entidade seguindo a maqueta que figura na ligazón <http://traballo.xunta.es/afd> (só cando as especialidades formativas solicitadas non estean incluídas no ficheiro de especialidades formativas do SEPE).
 Informe motivado da necesidade de impartición da especialidade formativa solicitada (só cando as especialidades formativas solicitadas non estean incluídas no ficheiro de especialidades formativas do SEPE).
 Importe da subvención económica solicitada en función do número de alumnos para os cales se solicita o proxecto formativo (só cando as especialidades solicitadas non estean incluídas no ficheiro de especialidades do SEPE).

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta electrónica automatizada. No caso de que as persoas interesadas se opongan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar os devanditos documentos.	DENEGO E PRESENTO O DOCUMENTO
<input checked="" type="checkbox"/> DNI ou NIE da persoa representante.	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> NIF da entidade solicitante.	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Estar ao día das obrigacións tributarias coa AEAT.	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Estar ao día de pagamento coa Seguridade Social.	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Estar ao día de pagamento coa Consellería de Facenda.	<input type="checkbox"/>





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO I-A
(continuación)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Consellería de Economía, Emprego e Industria, Servizo Público de Emprego de Galicia, como responsable do ficheiro, solicitando mediante o envío dun correo electrónico a lop.d.industria@xunta.gal

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 7 de febreiro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria das subvencións para o financiamento das accións formativas con compromiso de contratación en unidades formativas das empresas e dos incentivos á contratación (códigos de procedemento TR301P e TR349X).

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de 

Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



ANEXO I-B

FICHA DO CURSO DE FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO CURSO		ESPECIALIDADE FORMATIVA SOLICITADA		CÓDIGO (1)	
NÚMERO DE CURSO		COLECTIVO PREFERENTE QUE SE FORMARÁ			
COMARCA	MÓDULO	U.C.			
CENTRO DE IMPARTICIÓN			Nº DE CENSO		
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
PARROQUIA		LUGAR			
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE		
TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO	OFICINA DE EMPREGO A QUE PERTENCE O LUGAR DE IMPARTICIÓN			

(1) Da especialidade completa e, se é o caso, dos módulos formativos solicitados
 NOTA: non se escribirá nos espazos sombreados.

DURACIÓN DO CURSO				
MES INICIO	HORAS PRÁCTICAS	HORAS TOTAIS	HORARIO PREVISTO	TOTAL DÍAS LECTIVOS

MÓDULOS TRANSVERSAIS	
Indíquese que módulo transversal dos incluídos no artigo 47 van a impartir neste curso.	
CÓDIGO	DENOMINACIÓN

COMPROMISO DE CONTRATACIÓN	
<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON En caso afirmativo, indíquese:	
Nº DE ALUMNOS TOTAIS DO CURSO	
Nº DE ALUMNOS QUE SE VAN CONTRATAR	

PERSOA DE CONTACTO RESPONSABLE DO CURSO			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
CARGO			
TELÉFONO	TELÉFONO 2	FAX	CORREO ELECTRÓNICO



CVE-DOG: eceiex02-nug8-xmg3-86y0-9e5stm8cqzw5




ANEXO I-C
PROXECTOS FORMATIVOS CON COMPROMISO DE CONTRATACIÓN INMEDIATA

NOME OU RAZÓN SOCIAL DA EMPRESA			EXPEDIENTE	
<input type="text"/>			<input type="text"/>	
CADRO DE PERSOAL NO MES EN CURSO DA PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE				
MES	ANO	NÚMERO DE TRABALLADORES CON CONTRATO INDEFINIDO ⁽¹⁾	NÚMERO TOTAL DE TRABALLADORES DA EMPRESA ⁽²⁾	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
CADRO DE PERSOAL NOS 12 MESES INMEDIATAMENTE ANTERIORES Á SOLICITUDE DO PROXECTO FORMATIVO				
	MESES	ANO	NÚMERO DE TRABALLADORES CON CONTRATO INDEFINIDO ⁽¹⁾	NÚMERO TOTAL DE TRABALLADORES DA EMPRESA ⁽²⁾
1				
2				
3				
4				
5				
6				
7				
8				
9				
10				
11				
12				

(1) Deberán incluírse os traballadores con contrato indefinido polos cales se cotizou no correspondente mes respecto de todos os centros de traballo que teña a empresa na Comunidade Autónoma de Galicia.

(2) Deberán incluírse todos os traballadores, independentemente do seu tipo de contrato, polos que se cotizou no correspondente mes respecto de todos os centros de traballo que teña a empresa na Comunidade Autónoma de Galicia.

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

A persoa que asina, no seu nome e en nome da entidade que representa, declara que os datos consignados son certos e responden á evolución do persoal nos trece meses anteriores á solicitude do proxecto formativo con compromiso de contratación inmediata.

Lugar e data , de de






ANEXO II-A

PROCEDEMENTO PROGRAMA DE INCENTIVOS Á ACTIVIDADE LABORAL VINCULADA ÁS ACCIÓNS FORMATIVAS CON COMPROMISO DE CONTRATACIÓN	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO TR349X	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	-------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL NIF

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

PARROQUIA LUGAR

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO FAX CORREO ELECTRÓNICO

ACTIVIDADE ECONÓMICA (DESCRIPCIÓN) CNAE DATA INICIO ACTIVIDADE

Nº DE CONTRATACIÓNS POLAS CALES SOLICITA SUBVENCIÓN Nº INSCRIPCIÓN NA SEGURIDADE SOCIAL Nº PERSOAS TRABALLADORAS DA EMPRESA ⁽¹⁾

(1) Nº de persoas traballadoras da empresa no ámbito territorial de Galicia

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

DATOS PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Notifíquese a: Persoa solicitante Persoa representante

Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>.

Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:

TELÉFONO MÓBIL CORREO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN [] [] [] [] [] [] [] []

TIPO DE INCENTIVOS

Incentivos á contratación indefinida inicial.

Incentivos á contratación temporal.

CVE-DOG: eceieX02-nug8-xmg3-86y0-9e5stm8cqzw5




ANEXO II-A
 (continuación)

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA

a) Que, para a mesma actividade ou proxecto, esta entidade solicitou e/ou obtivo as axudas que se relacionan a seguir:

AXUDAS		ANO	ORGANISMO	IMPORTE (€)	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA
Solicitada	Concedida					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					

 b) Que esta entidade ten concedidas en réxime *de minimis* (Regulamento (CE) nº 1407/2013), neste ano e nos dous anos anteriores, as seguintes axudas:

ANO	ORGANISMO	IMPORTE (€)	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, a persoa solicitante comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña para a mesma actuación doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

- c) Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
- d) Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- e) Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- f) Que non incorre en ningunha das incompatibilidades sinaladas no artigo 11 e non concorre en ningunha das causas de exclusión sinaladas nos artigos 53 e 60 da orde de convocatoria, non concorre ningunha das circunstancias previstas no número 2 do artigo 10 de la Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e se reúnen as condicións para ser beneficiario de acordo co establecido no artigo 4 da orde de convocatoria.
- g) Que non foi excluído/a do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme o establecido no artigo 46.2 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- No caso de actuar por medio de representante, poder suficiente da persoa representante e asinante da solicitude para actuar en nome da persoa solicitante.
- Relación nominal das persoas traballadoras polas cales se solicita subvención, na cal se inclúan os custos salariais totais anuais de cada persoa traballadora pola cal se solicita subvención (anexo II-D).
- Nómina correspondente ao mes en que se realiza a contratación da persoa traballadora.
- Se é o caso, documento TC2 ou equivalente, correspondente ao mes en que se realiza a contratación da persoa traballadora.
- Se é o caso, TAZ de baixa das persoas traballadoras indefinidas contratadas que causaron baixa polas causas previstas nos artigos 51.3 e 58.3 da orde de convocatoria.
- No caso de contratación indefinida, declaración do cadro de persoal neto e fixo segundo o anexo II-B.
- No caso de contratación temporal, declaración do cadro de persoal de todos os centros de traballo da empresa en Galicia no mes anterior ao de inicio da relación laboral segundo o modelo do anexo II-C.



ANEXO II-A
(continuación)**COMPROBACIÓN DE DATOS**

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta electrónica automatizada. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar os devanditos documentos.	DENEGO E PRESENTO O DOCUMENTO
<input checked="" type="checkbox"/> NIF da entidade solicitante.	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> DNI ou NIE da persoa representante.	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Estar ao día nas súas obrigas coa Seguridade Social.	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Estar ao día coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Estar ao día nas súas obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.	<input type="checkbox"/>

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a lopdi.industria@xunta.gal

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 7 de febreiro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de subvencións para o financiamento das accións formativas con compromiso de contratación en unidades formativas das empresas e dos incentivos á contratación.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de 

Secretaría Xeral de Emprego





ANEXO II-B

PROGRAMA DE INCENTIVOS Á ACTIVIDADE LABORAL VINCULADA ÁS ACCIÓNS FORMATIVAS CON COMPROMISO DE CONTRATACIÓN
DECLARACIÓN DO CADRO DE PERSOAL FIXO E NETO

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

CADRO DE PERSOAL DE TODOS OS CENTROS DE TRABALLO DA EMPRESA EN GALICIA

MES	Nº TOTAL DE PERSOAS TRABALLADORAS (1)	Nº PERSOAS TRABALLADORAS TEMPORAIS (2)	Nº PERSOAS TRABALLADORAS FIXAS (2)	Nº DE BAIXAS POR ALGUNHA DAS CAUSAS PREVISTAS NO ARTIGO 50.3 (3)
	A	B	C	D

(1) Deberán incluírse todas as persoas traballadoras polas cales se cotizou segundo o TC2 no correspondente mes e respecto de todos os centros de traballo que teña a empresa na Comunidade Autónoma de Galicia, na primeira columna o total, na segunda os temporais e na terceira as fixas.

(2) As persoas traballadoras con contratos de interinidade para substituír persoas traballadoras fixas con reserva do posto de traballo incluíranse na columna terceira (nº de persoas traballadoras fixas) e non se incluírán na columna correspondente ao número de persoas traballadoras temporais. Se a persoa traballadora con contrato de interinidade substitúe unha persoa traballadora con obriga de cotización e que consta no TC2, a persoa interina non se computa.

(3) Baixas das persoas traballadoras con contrato indefinido que se producisen por dimisión ou por morte, xubilación, incapacidade permanente total ou absoluta ou grande invalidez legalmente recoñecidas ou por resolución do contrato durante o período de proba.

MEDIA DO CADRO DE PERSOAL PARA OS EFECTOS DE DETERMINAR QUE CONTRATACIÓNS PODERÁN SER SUBVENCIONABLES

MEDIA PERSOAS TRABALLADORAS FIXAS (C-D)

MEDIA TOTALIDADE DO CADRO DE PERSOAL (A-D)

CADRO DE PERSOAL NO MES DA CONTRATACIÓN INDEFINIDA INICIAL


MES DA CONTRATACIÓN Nº TOTAL DE PERSOAS TRABALLADORAS Nº TOTAL DE PERSOAS TRABALLADORAS FIXAS

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA

1. Que os datos consignados son certos e que responden á evolución do cadro de persoal no conxunto dos centros de traballo da empresa en Galicia.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data , de de



CVE-DOG: eceiex02-nug8-xmg3-86y0-9e5stm8cqzw5




XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
 EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO II-C

**PROGRAMA DE INCENTIVOS Á ACTIVIDADE LABORAL VINCULADA ÁS ACCIÓNS FORMATIVAS CON COMPROMISO DE CONTRATACIÓN
 DECLARACIÓN DO CADRO DE PERSOAL NETO**
DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

CADRO DE PERSOAL NO MES ANTERIOR AO MES DA CONTRATACIÓN

MES	Nº DE PERSOAS TRABALLADORAS INCLÚIDAS NO TC DO MES DE REFERENCIA ⁽¹⁾	Nº DE BAIXAS POR ALGUNHA DAS CAUSAS PREVISTAS NO ARTIGO 57.3 ⁽²⁾
	A	B

⁽¹⁾ Deberán incluírse todas as persoas traballadoras polas cales se cotizou no correspondente mes e respecto de todos os centro de traballo que teña a empresa na Comunidade Autónoma de Galicia.

⁽²⁾ Baixas das persoas traballadoras que se producisen por dimisión da persoa traballadora ou por morte, xubilación, incapacidade permanente, total ou absoluta ou grande invalidez legalmente reconecidas ou por resolución do contrato durante o período de proba.

MEDIA DO CADRO DE PERSOAL NO MES ANTERIOR AO INICIO DA RELACIÓN LABORAL

 (A-B) =
CADRO DE PERSOAL NO MES DA CONTRATACIÓN TEMPORAL

MES DA CONTRATACIÓN

Nº TOTAL DE PERSOAS TRABALLADORAS

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA

1. Que as novas contratacións polas cales se solicita subvención supoñen un incremento do cadro de persoal e que os datos consignados son certos e responden á evolución do cadro de persoal no mes anterior ao inicio da relación laboral das novas persoas traballadoras.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO II-D

PROGRAMA DE INCENTIVOS Á ACTIVIDADE LABORAL VINCULADA ÁS ACCIÓNS FORMATIVAS CON COMPROMISO DE CONTRATACIÓN
RELACIÓN DE PERSOAS TRABALLADORAS POLAS CALES SE SOLICITA SUBVENCIÓN ⁽¹⁾

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL NIF

ENDEREZO DO CENTRO DE TRABALLO ⁽¹⁾ CÓDIGO CONTA COTIZACIÓN S.S.

⁽¹⁾ Cando se solicite subvención pola contratación de persoas traballadoras para máis dun centro de traballo na mesma provincia, indicárase o enderezo de todos eles.

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

PROVINCIA

RELACIÓN DE PERSOAS TRABALLADORAS POLAS CALES SE SOLICITA SUBVENCIÓN

APELIDOS E NOME	NIF	SEXO	DATA NACEMENTO	TEMPO EN DESEMPREGO	DURACIÓN DO CONTRATO	TIPO DE CONTRATO	XORNADA (1)	DATA DE INICIO	CUSTOS SALARIAIS TOTAIS ANUAIS

⁽¹⁾ Indíquese se a contratación se realiza a tempo completo (TC) ou a tempo parcial; neste caso farase constar a porcentaxe sobre a xornada ordinaria (TP:....%).

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA

1. Que, como se acredita coa documentación que se achega, as persoas traballadoras relacionadas cumpren os requisitos e condicións exixidos na orde de convocatoria para cada caso, e solicita a subvención correspondente ás contratacións que se indican.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data , de de



VÁLIDO SÓ PARA EFECTOS INFORMATIVOS


ANEXO II-E
DECLARACIÓN EXPRESA DOUTRAS AXUDAS EN RÉXIME DE MINIMIS
DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA

a) Que, para a mesma actividade ou proxecto, esta entidade solicitou e/ou obtivo as axudas que se relacionan a seguir:

AXUDAS		ANO	ORGANISMO	IMPORTE (€)	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA
Solicitada	Concedida					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					

 b) Que esta entidade ten concedidas en réxime *de minimis* (Regulamento (CE) nº 1407/2013), neste ano e nos dous anteriores, as seguintes axudas:

ANO	ORGANISMO	IMPORTE (€)	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, a persoa solicitante comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña para a mesma actuación doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de


Secretaría Xeral de Emprego

